

PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

1.- XUSTIFICACIÓN.

Todo os avances que se produciron coa entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e con posterioridade coa Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, quedaron reflectidos na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Estes supuxeron unha modificación importante na regulación da convivencia nos centros.

Por outra banda, tamén é preciso levar a cabo a revisión do réxime xurídico da convivencia nos centros docentes, coa fin de que responda dun xeito adecuado ás novas circunstancias sociais do momento e á realidade da vida escolar.

Segundo a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, todos os centros deben incluír no seu proxecto educativo un Plan de Convivencia, así como establecer as normas que garantan o seu cumprimento. Así mesmo, a Lei dispón que sexan as Administracións das Comunidades Autónomas quen establezan o marco regulador que permita aos centros e privados concertados elaborar os seus proxectos educativos.

Por todo o anterior, é necesario e fundamental establecer un marco regulador que permita aos centros escolares, en virtude da autonomía que a Lei Orgánica de Educación confírelles, elaborar o seu propio Plan de Convivencia, así como a normativa que asegure o seu cumprimento.

A misión fundamental da escola é formar persoas capaces de asumir a responsabilidade dos seus actos, de decidir sobre as súas vidas e de contribuír co seu esforzo ao progreso e mellora da sociedade democrática, aberta e plural que van vivir. É preciso que os nosos escolares respecten as normas da escola e respecten aos seus Profesores e se respecten entre si, pois, con iso, aprenderán que o respecto ás leis e ás institucións é a base da nosa convivencia democrática.

Aprender a convivir é un dos fins básicos do proceso educativo. Isto conséguese respectando e asumindo a igualdade de todas as persoas, calquera que sexa o seu sexo, a súa raza, a súa ideoloxía ou a súa relixión.

A aprendizaxe da convivencia baséase na adquisición de capacidades para a comunicación, para compartir un mesmo espazo con persoas diferentes e para aprender a solucionar os posibles conflitos de intereses de forma non violenta.

Isto é tarefa de toda a comunidade educativa. Desde todos os ámbitos, órganos de goberno e coordinación, equipo directivo e titores, fomentárase a aprendizaxe e a práctica de condutas de responsabilidade e respecto, de esixencia de cumprimento de deberes e exercicio de dereitos individuais, como un dos fins primordiais de toda actividade educativa. Todo iso, tanto no centro escolar, dentro e fóra da aula, como nas actividades extraescolares e complementarias que se realicen fóra do recinto escolar.

Por todo iso, queda exposto que na vida escolar xorden pequenos conflitos que, mediante a oportuna intervención de Profesores e titores, poden resolverse para evitar que dexeneren en graves problemas para a convivencia. Para facer isto posible é importante que os centros establezan unhas normas claras de conduta que todos os alumnos estean obrigados a respectar.

2.- CONTEXTO ESCOLAR E DIAGNÓSTICO DO COLEXIO RÍAS ALTAS.

2.1 CONTORNO DO CENTRO

Culleredo é un concello español, pertencente á provincia da Coruña, na comunidade autónoma de Galicia. Forma parte da área metropolitana da Coruña.

Culleredo está situado na área central da provincia, na comarca da Coruña, no extremo sur da ría do Burgo. Limita ó norte co océano Atlántico a través da ría do Burgo, e co concello de A Coruña; o leste con Oleiros, Cambre e Carral; o sur, con Cerceda e ó oeste, con A Coruña, Arteixo e Laracha.

Culleredo é un concello fortemente influido pola súa proximidad a A Coruña, o que provoca cas parroquias limítrofes coa cidade estean altamente urbanizadas, aportando a parroquia de Rutis 9.500 habitantes e a de O Burgo unos 7.000 aproximadamente a la población municipal. Estas parroquias están na súa maior parte habitadas por xente xoven que desenrola as súas actividades profesionais na ciudad o nos polígonos industriais das aforas.

En cambio, as outras parroquias son semirrurais e a poboación está integrada por persoas de maior idade en proporción e, en moitos máis casos, está adicada ó sector primario. Dentro deste segundo grupo de parroquias caben distinguir dos grupos, o formado por Almeiras e Culleredo, fortemente influido pola presenza do aeroporto de Alvedro y do polígono industrial do mesmo nome, volcadas ó sector secundario a primeira e ó institucional como capital do concello (Tarrío) e ó sector gandeiro a segunda. Por outro lado, todas as demais parroquias orientanse cara o sector primario, aínda que tamén é importante a presenza nelas de moitas segundas residencias de cidadáns da Coruña.

En canto ás comunicacións, atravesan o concello, as autopistas AP-9 (A Coruña-Santiago-Vigo-Portugal) e A-6 (Madrid-A Coruña); as líneas de tren a Santiago de Compostela, Madrid e Lugo; a N-550 Santiago de Compostela-La Coruña e a AC-400 Muros-Ponte do Porco. Tamén encóntrase o aeroporto de Alvedro.

A parte dos servizos que ofrece A Coruña, nos arredores do centro pódense atopar todo tipo de dotacións: campus universitarios, centros hospitalarios, centros comerciais, instalación deportivas, etc.

2.2 O CENTRO

O Colexio Rías Altas está situado en plena natureza, na zona residencial da Zapateira, e aínda que pertence o concello de Culleredo, atópase a uns catro quilómetros do centro da Coruña, a menos de 10 minutos de traxecto en coche. É un centro privado concertado de confesionalidad laica cun financiamento derivado das subvencións concedidas a este tipo de Centros pola Consellería de Educación.

O réxime de permanencia no Centro é 7:30 h. a 18:00 h., incluídos os servizos de aula aberta, comedor e actividades extraescolares.

Nas instalacións sitúanse o edificio central, construído en 1.981 e ampliado cun Pabellón Polideportivo inaugurado en 1.988 e a escola de educación infantil no que se imparte o 1o ciclo de Educación Infantil. O Centro Educativo distribuído en tres plantas, conta con 17 aulas, 1 laboratorio, 1 aula de música, 1 sala de informática, 1 aula obradoiro de actividades, biblioteca, sala de profesores, salón de actos, ximnasio, cociña, patio cuberto, aseos/duchas (11 interiores, 2 exteriores, 1 de minusválidos), 2 vestiarios completos, secretaría e despachos. En espazos exteriores conta con zonas axardinadas e pistas polideportivas.

O centro oferta servizo de comedor, transporte escolar, aula aberta, gabinete de orientación, webcam, Escola de Pais, actividades extraescolares, colonias de verán e Summer Camp, unindo a todo isto a posibilidade da escola infantil.

O centro é sabedor de que o coñecemento de idiomas converteuse nunha ferramenta e habilidade fundamental na formación do alumnado, e elemento de comunicación nunha sociedade multicultural. Por iso, o colexio é un centro plurilingüe que conta con materias impartidas en inglés, sendo os seus profesores en determinadas clases, nativos.

2.3 PROFESORADO

O colectivo profesional do Centro está constituído por un total de 28 profesores, 4 persoas no departamento de Orientación e 8 traballadores que integran o corpo de administración e servizos entre homes y mulleres, ademais dos monitores correspondentes a cada unha das actividades extraescolares que se imparten no centro.

Os traballadores proceden da Comunidade Autónoma de Galicia na súa maior parte, aínda que certa porcentaxe deles proveñen de fóra de Galicia. Ao encontrarse nunha comunidade con cultura propia, existe entre o profesorado unha clara sensibilidade cara á lingua autóctona, polo que se pretende que o galego teña cada vez máis presenza na comunidade escolar, pero sen esquecer a realidade lingüística da contorna que mostra que a lingua maioritaria do alumnado é o castelán.

O titor/a é a peza clave encargada da creación e fomento de actitudes participativas e hábitos de convivencia, tanto nos alumnos/as como nos pais/nais.

O profesorado titor/a é a canle no desenvolvemento da participación dos pais e nais na vida do centro. Para elo, as familias teñen, a súa disposición, unha hora de visita no horario lectivo, onde o titor/a permanece aberto á transmisión de información e da marcha académica e persoal dos seus fillos/as.

O profesorado está totalmente sensibilizado coa resolución de condutas disruptivas.

En xeral o persoal do colexio é bastante estable. A formación do profesorado en relación cos temas referidos á convivencia (resolución de conflitos, habilidades sociais, etc.), carece en ocasións dos recursos adecuados. As necesidades de formación chocan, en moitos casos, coa falta de disponibilidad horaria, feitos que debería ter en conta a administración á hora de embarcar aos Centros Educativos en proxectos como este, polo que o departamento de orientación vela por asesorar e canalizar a citada formación.

2.4 ALUMNADO

Na actualidade contamos con preto de 400 alumnos, escolarizados en primeiro e segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Bacharelato.

O 99% dos alumnos matriculados proceden do territorio nacional, sendo o restante 1% inmigrantes. A porcentaxe de alumnos con NEAE diagnosticadas é dos 8%, ditos alumnos reciben atención psicopedagóxica no propio Centro.

Os niveis educativos que se imparten son o 1o e 2o Ciclo de Educación Infantil e Ciclos completos de Educación Primaria, ESO e Bacharelato, funcionando cun sistema grupo-liña (unha unidade por curso) de 15 unidades mixtas (3 de Educación Infantil, 6 Educación Primaria, 4 de Educación Secundaria e 2 de Bacharelato) cunha ratio de 25 alumnos/aula en Educación Infantil e Primaria e 30 alumnos/aula en ESO e Bacharelato.

A maioría viven no entorno próximo ao centro. Aínda que non é posible xeneralizar en canto ás características deste alumnado, os intereses e finalidades varían en canto á idade.

O alumnado está influenciado polas circunstancias familiares e son pouco frecuentes as faltas de disciplina moi graves. Apréciase así mesmo o influxo dos medios de comunicación, sobre todo da televisión, que en máis casos dos convenientes limitan o rendemento escolar. Tamén se percibe a importancia das actuais circunstancias sociais e o proteccionismo dos pais.

O alumnado que recolle o colexio é o que corresponde á idade dos estudos que están a realizar, non existindo discriminacións no acceso ao mesmo.

Somos consecuentes co principio de coeducación na formación dos grupos.

Foméntase a participación de todo o alumnado nas distintas actividades do centro, facéndoos partícipes e responsables de tarefas que sexan quen de asumir e que eles poidan levar a cabo.

A nivel aula cóntase coa figura de delegado que será quen se encargue de ser o portavoz e colaborador do grupo.

2.5 FAMILIAS

A ocupación das familias na actualidade é maioritariamente como empregados nos diversos traballos de xerencia pública e privada, e do mesmo xeito, traballadores profesionais das diversas profesións. É tamén frecuente que traballen pai e nai.

En canto ao nivel de formación das familias, poderíase cualificar de medio-alta, dentro desta rexión, xa que gran parte dos pais teñen estudos universitarios ou similares e o resto, polo menos, os estudos obrigatorios.

A relación con éstas é boa. Mantéñense reunións de información de carácter global e particular. Relacionado con este último tipo de relación é relevante a actuación dos titores na coordinación coas familias. As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos son sempre dadas a coñecer á familia, pedindo a súa colaboración tanto na aplicación das sancións como no labor de formación e creación de actitudes positivas que perseguen.

Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Son os transmisores de valores, actitudes, hábitos..., que logo repercutirán na vida educativa. Por iso a participación no centro debe ser un intercambio de información e apoio, é dicir, unha unión de esforzos para aproximar o colexio ao entorno social.

As familias participan no centro do seguinte xeito:

- A través dos seus representantes no Consello Escolar.
- A través da Comisión de Convivencia.
- Mediante a participación a través da ANPA.
- Mediante reunións canalizadas polo tutor/a.

Os pais normalmente preocúpanse da educación e formación dos seus fillos/as. Acoden ás reunións tutor/a – pais e colaboran naquelas actividades nas que se pide a súa axuda. Nótase, en cambio, a falta daqueles proxenitores de alumnado problemático.

Detéctanse puntualmente falta de pautas de traballo na casa, delegación de responsabilidades educativas no colexio, actitude defensiva ante a presentación dos problemas dos seus fillos/as e participación soamente no caso de ser requiridos.

2.6 CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNS

O Colexio mantén boas relacións co Concello ó que pertence, e tamén co Concello da Coruña co que é limitrofe, ben sexa a través dos Departamentos de Educación, Deportes, Servizos Sociais, Policía Local, Protección Civil,... na realización de diversas actividades.

3.- OBXECTIVOS

3.1 XERAIS

1. Efectuar un diagnóstico preciso da realidade escolar no terreo da convivencia e suscitar propostas de actuación.

2. Favorecer a integración de todos os alumnos na aula e no centro sen discriminación por razón de raza, sexo, idade, crenza ou condición social, así como o coñecemento mutuo entre alumnos, non só como medida de prevención de conflitos senón tamén como medio de enriquecemento persoal.

3. Educar en valores (educación para a paz, moral, cívica, ambiental) e no respecto aos dereitos humanos, favorecendo valores como a tolerancia e a solidariedade, así como desenvolver a democracia escolar.

4. Apreciar os valores positivos das diferentes culturas existentes no centro.

5. Fomentar habilidades sociais no alumno de forma que este poida desenvolver cambios cognitivos, afectivos e de comportamento, favorecendo así o desenvolvemento da súa autoestima e impedindo que se aille (este obxectivo requirirá unha atención específica ao alumnado que presente comportamentos que alteren a convivencia no centro).

6. Potenciar a acción tutorial como instrumento para favorecer a convivencia, consolidar o grupo-clase e aportar información ao profesorado, desenvolvendo actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo.

7. Favorecer a participación do alumnado na elaboración das normas de convivencia acordes co desenvolvemento de valores de tolerancia e respecto mutuo.

8. Fomentar a colaboración entre escola e familia, a partir dunha coordinación adecuada entre o equipo docente (marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo), da colaboración co AMPA do centro na organización de actividades dirixidas á formación das familias, e en xeral de mellora das relacións entre todos os membros da comunidade educativa.

9. Ensinar a toda a Comunidade educativa a detectar e a resolver os problemas que conducen á violencia e a situacións racistas, xenófobas, discriminatorias e de acoso.

10. Fomentar o diálogo e ensinar a denunciar e a condenar a violencia.

11. Coñecer a realidade do centro en canto á convivencia para poder detectar a tempo posibles situacións de violencia e/ou acoso.

12. Actuar ante os conflitos de xeito inmediato mediante unha actuación mediadora e regulamentaria.

13. Tratar de resolver os conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o esforzo conxunto de profesores e alumnos, a partir da aceptación da existencia de conflitos interpersoais e grupais e da valoración do diálogo como instrumento de resolución dos mesmos.

14. Actuar ante os conflitos actuais de forma positiva e construtiva para a prevención dun conflito futuro.

15. Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherentes que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando así contradicións que desorienten aos alumnos.

16. Aplicar tratamentos específicos ou orientar a alumnos con dificultades de comportamento que sexan protagonistas de situacións de intimidación e acoso cara a entidades especializadas, establecendo medidas de coordinación e colaboración con institucións e organismos que axuden a modificar condutas conflictivas.

17. Utilizar a sanción como medida educativa cando se considere conveniente.

3.2 ESPECÍFICOS

- Recoñecemento da responsabilidade coa conduta e compromiso de non reincidencia.

- Traballar pola xustiza dun modo non violento como estratexia de resolución de conflitos.
- Establecemento de relacións sociais positivas, de cooperación baseada no ben de todos.
- Vivir asumindo o compromiso con nós e cos demais.
- Recoñecemento dos dereitos individuais de cada persoa.
- Atender o plano emocional e afectivo das persoas.
- Ter control sobre un mesmo.
- Aprender a vivir confiando nun mesmo e nos demais.
- Potenciar a imaxinación como estratexia de resolución de conflitos.
- Estar aberto aos cambios e adecuarse á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades das persoas.
- Aprender a vivir os conflitos con calma, recoñecendo a súa natureza e non deixarse arrastrar pola agresividade.
- Fomentar a igualdade entre homes e mulleres.
- Formar ao alumnado no respecto á dignidade persoal, na tolerancia, na non discriminación e no exercicio da liberdade responsable.
- Protexer aos alumnos/as contra a agresión física e moral. Dar resposta inmediata ao acoso e intimidación entre iguais en canto a súa prevención, tratamento e erradicación.
- Sensibilizar a todos os membros da comunidade educativa sobre os temas de alteración do comportamento e de acoso ou intimidación.
- Fomentar o emprego entre o alumnado de habilidades sociais.

4.- ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

Co obxectivo de dinamizar estratexias para mellorar a convivencia, instauraranse estruturas que desenvolvan dinámicas baseadas na colaboración e participación, que tratarán as fases previas dos conflitos menores, salientando as propostas de traballo preventivas e formativas a través do incentivo e no seu caso da asunción de consecuencias por acordo das partes.

4.1- FACTORES QUE INTERVEÑEN NA CONVIVENCIA

· **CONFLITO**

Conflito é unha oposición de intereses, motivos ou posicións diferentes entre individuos ou grupos. Non debe desembocar en comportamentos agresivos ou violentos; provocan malestar momentáneo, son solucionables e didácticos.

FORMA DE AFRONTALO:

-Pacíficamente.

-Con diálogo, comunicación, acordo, negociación, entendemento e concordia. (Reparación, reconciliación e resolución).

CAUSAS DA APARICIÓN DE CONFLITOS:

- Ideolóxicas.
- Ansia de poder.
- Desorganización.
- Persoais.(Falta de empatía, actitudes inflexibles, falsos rumores, insatisfacción,etc).
- **VIOLENCIA OU MALTRATO**

Cando alguén impón a súa forza coa intención de provocar dano físico ou psicolóxico a outros. Actuarase de forma firme, regulada e humanizada.

· **AGRESIVIDADE**

Tendencia a encarar unha situación vivencial con actitude combativa. Fomentarse a situación positiva na vida.

· **AGRESIÓN**

Manifestación violenta que desemboca no maltrato entre iguais ou desiguais. Altera a convivencia.

4.2- MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

A violencia é unha forma de entender e abordar os conflitos que leva a un dos protagonistas do enfrontamento conflitivo a asumir posicións de poder prepotentes e abusivas, que obrigan ao outro a asumir, ás veces de forma implícita e pouco consciente, posicións de vítima da situación.

Este emprego da forza física, psicolóxica ou social convértese nun fenómeno de abuso, malos tratos, acoso ou exclusión social que, cando aparece, contamina o clima de relacións interpersoais, produce sensación de malestar e termina afectando ás persoas e ás actividades que as persoas teñen que realizar xuntas (Rosario Ortega e Rosario del Rey)

Ante este tipo de actuacións a prevención é imprescindible pero non suficiente, xa que a pesar de todo os alumnos poden verse afectados como vítimas ou como agresores en problemas serios de violencia interpersoal entre iguais e moi especialmente en fenómenos de acoso, intimidación, exclusión social, maltrato físico ou verbal.

Ante este tipo de sucesos o colexio debe ter previsto tratamentos rápidos que impidan efectos devastadores tanto en vítimas como en agresores.

MEDIDAS PREVENTIVAS

- Presentación ao inicio de curso das liñas xerais do Plan de Convivencia.
- É importante converter sempre os conflitos nunha ocasión para aprender a convivir.
- Debemos conseguir que o alumnado “aprenda a ser”, a medrar como persoa.
- Debe darse prioridade ao papel das actitudes, valores e normas como orientador do currículo e contemplalas nos criterios de avaliación.
- Débese traballar co alumnado no desenvolvemento da intelixencia emocional, das habilidades cognitivas, do razoamento moral e das habilidades sociais abandonando o aspecto mecanicista do ensino.
- É preciso dispensar un trato individualizado ao alumnado para que poida ser atendido cadaquén co seu nivel de aprendizaxe.
- Adaptar o ensino ás motivacións, capacidades e intereses do alumnado
- Actividades titoriais individuais e grupais (postas en común, vivenciar conflitos de outros mediante representacións, ...)
- Empregar conflitos como recurso didáctico.
- Actividades de xestión de aula (assembleas de clase para tratar temas de convivencia, establecemento de alumnado axudante/protector de novas incorporacións, de compañeiros solitarios/as, axuda entre iguais,...)
- Adaptación do currículo.
- Relacións e comunicacións coas familias.
- Medidas organizativas: vixilancia e control nos distintos ambientes, establecemento en casos especiais de titores persoais (profesorado), para alumnado moi conflictivo/violento (intervención personalizada), gardas ...
- Colocación e utilización de carteis informativos.
- Actuacións do Equipo Directivo.

- Actuacións do Departamento de Orientación.
- Coordinación con servizos externos (entidades e asociacións locais, servizos sociais, axentes de policía, equipos de orientación específica, ...)

MEDIDAS PARA A DETECCIÓN

- Débense detectar no centro os factores máis importantes que están incidindo negativamente na convivencia escolar, para poder actuar con coñecemento fundado sobre eles (tipos de dificultades, contexto no que se producen, tipo de alumnado, con que profesorado, con que frecuencia, posibles causas e remedios que se aplican, ...)
- Xestión e traspaso de información.
- Actividades tutoriais.
- Seguimentos.
- Reunión titores – Departamento de Orientación.
- Reunións Equipos educativos.
- Entrevistas coas familias.
- Entrevistas con alumnos/as.

MEDIDAS ENFOCADAS Á REGULACIÓN

- Notificación ás familias.
- Sistema de correccións (R.R.I.)

MEDIDAS ENFOCADAS Á CORRECCIÓN E RESOLUCIÓN

Entre as tarefas formativas que poden impoñerse a modo de corrección relaciónanse as seguintes:

- Reflexión escrita sobre a conduta cometida.
- Lectura e actividades de textos relacionados coa falta cometida.
- Asignación de actividades solidarias e de cooperación.
- Realización de actividades en tempo de recreo.

4.3- MEDIACIÓN

A mediación enténdese como un proceso de resolución de conflitos nas que dúas partes enfrontadas recorren voluntariamente a unha terceira imparcial, mediador ou mediadora, para chegar a un acordo satisfactorio. Trátase dun método que promove a busca de solucións nas que as partes implicadas obteñen un beneficio evitando a postura antagónica de gañador / perdedor.

A mediación non é unha simple técnica que se ocupa de facilitar a desaparición dos conflitos no centro. Os protagonistas toman as súas propias decisións mediante consenso e sen estar coaccionados, fai innecesario o uso do poder.

Características da mediación

- Debe existir voluntariedade das partes implicadas.

- Non substitúe ás medidas correctoras, actúa de maneira preventiva.
- Non desculpa as condutas contrarias á convivencia, fomenta a reparación responsable.
- Réxese por regras de confidencialidade, transcendendo só aqueles aspectos que determinen as partes implicadas.
- Esixe revisión e seguimento dos acordos alcanzados.
- Precisa de formación inicial e permanente das persoas encargadas de levala a cabo.
- Precisa difusión e aceptación do modelo.
- Precisa de espazos, tempos e recursos concretos.
- Pode practicarse de xeito non formal ou creando un servizo de mediación. O Servizo de mediación poderá estar constituído por profesorado, pola persoa responsable da orientación no centro, pais/nais.

Obxectivos da mediación

- Favorecer e estimular a comunicación das partes en conflito.
- Promover que ámbalas dúas partes comprendan o conflito de xeito global e non soamente dende a súa perspectiva (empatía)
- Axudar a que ambas partes analicen as causas do conflito.
- Restablecer sempre que sexa posible as feridas emocionais que poidan existir entre as partes do conflito.
- Aprender a negociar e a chegar a acordos respectando as posicións de todas as partes; aprender a persuadir e convencer ás persoas coas que tratamos e coas que traballamos.
- Aprender a deixarse convencer, é dicir, a defender a propia posición e a ser capaz de cambiala ante argumentos de maior peso que os propios.
- Aprender a resolver problemas colectivamente e con flexibilidade.
- Aprender a respectar os acordos e utilizar os instrumentos adecuados para esixir ás outras partes que tamén os respecten.

A acción mediadora responde a un ritual estruturado que se desenvolve a través dos momentos seguintes:

Preludio:

As partes implicadas deben coñecer en que consiste a mediación.

O contacto inicial permite tamén ao mediador calibrar o alcance do conflito e valorar se resulta conveniente canalizalo por esa vía.

Benvida:

O mediador da a benvida e preséntanse mutuamente e explica en que consiste o proceso. Informa que para que o encontro funcione hai que aceptar unhas normas: cando se faga referencia a alguén se

utilice o seu nome en non “este” ou “ela”, falar por quendas e escoitar sen interromper, expresarse sen faltar ao respecto e cooperar na busca de solucións.

Esta primeira intervención é a que permite aos protagonistas serenarse antes de avanzar no proceso.

Escoitar e falar:

Antes de aclarar os feitos, o mediador intenta coñecer o significado que teñen para cada participante, como os interpreta, como lle afectan.

Non ten que mostrar aceptación nin incredulidade, tan so ofrecer a oportunidade de que as dúas partes se expresen.

O mediador parafrasea, realiza preguntas abertas, reformula e sintetiza.

Integrar:

Trátase de reformular o conflito de xeito inclusivo, tendo en conta os puntos de vista e sentimentos dos protagonistas.

O mediador está atento as manifestacións de recoñecemento e valoración dunha persoa a outra, que son elementos clave para a reconstrución dos vínculos de relación.

Construír:

Os protagonistas do conflito inventan, sen analizar nin comprometerse, opcións e alternativas orixinais, cantas máis mellor.

O mediador toma nota e escolle as ideas máis idóneas. O rol do mediador consiste en velar para que os posibles acordos sexan factibles, equitativos e supoñan un progreso respecto a situación inicial.

Pactos e conclusións:

So queda reseñar os compromisos que cada persoa adquire voluntariamente e planificar a súa execución.

Normalmente formalízase o acto de mediación mediante un apertón de mans, un abrazo ou algún pequeno ritual.

O mediador pode preguntar aos protagonistas do conflito se aprenderon algo, se o seu xeito de resolver conflitos futuros cambiou e como se senten.

É convinte gardar memoria de cada encontro en calidade de autoaprendizaxe.

Actuacións ante situacións de conflitos entre o alumnado

1. Pode solicitar a mediación o alumnado do centro.
2. Será obxecto de mediación todas as cuestións que afecten á convivencia entre o alumnado.
3. A primeira persoa en intervir deberá ser aquel mestre ou mestra que presencie a situación ou aquel a quen se lle pida axuda ou se lle dea coñecemento dunha situación concreta e esta persoa poñerá en

coñecemento do titor ou titora enviar ao alumnado afectado a mediación. O alumnado e o mestre ou mestra solicitará a mediación oralmente en Xefatura de Estudos.

4. A Dirección fixará a persoa encargada da mediación e o momento, que será o antes posible. Poderá ser mediador profesorado do centro (formación dun equipo de mediadores) que voluntariamente se preste, se converte en mediador en conflitos.

5. Se intentará que este mestre ou mestra non teña relación directa cos alumnos ou alumnas.

6. Este mestre ou mestra debe posteriormente comunicar ao titor ou titora correspondente o acordo alcanzado entre as partes para o seguimento do cumprimento.

7. Unha vez feita a mediación o mediador ou mediadora fará un informe da mesma, na que aparecerá entre outros, os acordos aos que chegaron as partes.

8. Nos casos de condutas graves contrarias á convivencia que figuren contempladas no Regulamento de réxime interior a xefatura de estudos obrará en consecuencia.

4.4- ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial pretende a axuda e orientación na formación humana e académica do alumno, procurando un adecuado crecemento e potenciación de todos os aspectos humanos, sociais e escolares da persoa en formación, así como servir de nexo de unión entre as familias e o centro, e entre os profesores que desenvolven a súa labor docente cun mesmo grupo de alumnos.

Potenciar o papel da titoría en tres aspectos:

A. Atribuír importancia ao seu papel de mediador.

B. Outorgar ao titor/a capacidade executiva en relación con algunhas situacións que afectan á convivencia.

C. O titor como “mediador de conflitos” debe intervir na solución educativa dos problemas de convivencia, antes de ter que aplicar un réxime disciplinario máis estrito ou acudir á Xefatura de Estudos ou á Dirección.

Obxectivos

- Coñecer as características dos alumnos a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.

- Establecer unha liña de comunicación-información permanente do grupo de alumnos e o equipo docente.
- Promover unha exploración psicopedagóxica individual coa totalidade do alumnado, para contribuír ao seu coñecemento e ao axuste da intervención educativa.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PE.
- Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír á mellora da coordinación entre os profesores e titores do mesmo ciclo e titores de ciclos diferentes.
- Asegurar a continuidade educativa entre os distintos centros, ciclos e/ou etapas.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.
-

4.5- ACTUACIÓN EQUIPO DIRECTIVO

- O equipo directivo debe asumir o compromiso de estimular e garantir as actitudes que promovan a boa convivencia.
- Favorecer a convivencia no colexio e garantir que o procedemento seguido para impoñer as correccións que correspondan se axusta á normativa vixente e documentos do centro.
- Fomentar o diálogo e a convivencia entre todos os membros e sectores da comunidade educativa.
- Dar audiencia a pais, nais e titores legais cando exista a posibilidade de supresión do dereito a asistencia ao centro.
- Impoñer as correccións que correspondan segundo a normativa vixente.
- Someter a consulta do claustro de profesores e do consello escolar, a implantación de medidas para a mellora da convivencia.
- Prestar atención aos aspectos organizativos: Cambios de clase, asignación de horarios, de espazos e tempos previndo situacións de conflito e desorde, asignación de gardas ao profesorado tendo en conta situacións de conflito que poidan presentarse.
- Presenza física en espazos onde poidan producirse situacións conflitivas.

- Intervencións en grupos cando xurdan problemas de convivencia de notoria repercusión na mesma.
- Intervención co alumnado afectado por problemas de convivencia e entrevista coa familia.
- Supervisión de cumprimento de horarios.

4.6- ACTUACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Propor actividades que favorezan o clima de convivencia e pautas de desenvolvemento persoal adecuado, proporcionando recursos e apoios necesarios para realizar estas actividades.
- Colaboración cos titores/as na prevención, detección e valoración de problemas.
- Coordinación da intervención dos axentes externos que participen nas actividades enfocadas a resolver problemas de convivencia.
- Realización de intervencións no Departamento de Orientación con alumnos afectados por problemas de convivencia, ben sexan detectados polo propio departamento como a petición do tutor/a ou da xefatura de estudos.
- Aplicación de cuestionarios ou probas para detectar problemas de maltrato ou acoso.
- Planificar sesións, charlas, realización de entrevistas, intentando manter coordinación coa familia do alumnado afectado de problemas de conduta ou en risco de estalo.
- Sesións colectivas para o tratamento de temas relacionados coa problemática xeral da convivencia e as relacións entre sectores dentro do centro, así como temas de saúde, igualdade e non discriminación, absentismo, ...
- Intervención en casos de alumnos/as afectados por problemas de acoso ou maltrato.
- Desenvolvemento de actividades preventivas sobre o tema da convivencia.
- Elaboración de materiais informativos sobre actuacións docentes adecuadas en relación á convivencia no centro, promovendo a súa difusión entre o profesorado.
- Realización de actuacións conxuntas cos titores/as de alumnos/as que presenten problemas de convivencia.
- Supervisión do Plan de Convivencia.
- Realización de funcións de mediación.

4.7- ACTUACIÓN PROFESORADO

- Constitúense como os axentes fundamentais na construción da convivencia.
- O liderado do profesorado estará baseado, entre outros factores, nun prestixio persoal gañado ante o alumnado, recoñecido polo mesmo e sustentado en posicionamentos de razón e coherencia.

- Avaliar o fracaso escolar como un factor importante de desmotivación, que produce sentimentos de exclusión e actitudes reactivas de agresividade no alumnado.
- Débese actuar en equipo, para evitar contradicións e ofrecer un marco claro de actuación ao alumnado e ás familias.
- É preciso crear unha cultura de colaboración entre todos para o afrontamento dos problemas que poidan xurdir.
- Información de incidentes e actuacións relacionadas coa convivencia.
- Cada profesor porá en marcha estratexias que permitan mellorar a convivencia na aula a través do seu propio estilo docente.
- Educará en sentimentos, actitudes e valores.
- Deberase velar polo coidado de materiais e espazos.
- Buscarase disposicións de alumnado que favoreza o adecuado clima de convivencia.
- Procurarase que as saídas do alumnado da clase sexan as imprescindibles.

4.8- ACTUACIÓN FAMILIAS

- Implicación no coñecemento dos regulamentos normativos e na resolución satisfactorias de situacións conflitivas.
- Paliar o nivel de permisividade en relación coas actitudes e os comportamentos dos seus fillos/as que debilita a capacidade destes de asumir a orde escolar.
- Poñer os medios necesarios para inverter a crise dos valores tradicionais e o escaso acerto para substituílos por outros.

4.9- COORDINACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS

As especiais necesidades do centro fan necesaria a existencia dunha serie de recursos e institucións coas que establecemos coordinación. É preciso rendibilizar os recursos da localidade para a realización de actividades preventivas en materia de convivencia, tanto a nivel xeral como para a atención de alumnos/as concretos (Dpto. de Servizos Sociais, Dpto.de Educación,...)

4.10- MEDIDAS ORGANIZATIVAS

O presente Plan deber ser coñecido por toda a comunidade educativa e non parece axeitado á realidade que os problemas de convivencia nos centros se presenten só en termos de conflito e de violencia.

Tampouco parece adecuado o reclamar só medidas eminentemente punitivas e de control, normalmente dirixidas contra o alumnado, a quen se considera como único causante dos conflitos producidos na escola; tamén o entorno e as familias son causa e axentes de problemas de convivencia.

As medidas encamiñadas a lograr un bo funcionamento do centro están recollidas nos documentos do centro, onde se marcan as directrices para alcanzar o clima organizativo e funcional adecuado.

Dende o punto de vista da convivencia as medidas organizativas deben concretarse e adaptarse ás necesidades de cada curso. As decisións dos distintos equipos docentes, claustro e consello escolar, servirán para as concrecións anuais das medidas anteriormente expostas.

Ámbito Organizativo

- O centro facilitará para a formación permanente do profesorado.
- O centro procurará unha maior participación das familias na vida do colexio.
- Apertura do centro á comunidade.
- O diálogo será a peza fundamental da convivencia no colexio, así como na resolución dos problemas que se presenten ou xurdan.
- Fomentarase o respecto e a tolerancia entre todos os membros da comunidade educativa.
- Desenvolver actitudes de coñecemento das Normas de Convivencia do centro e de cumprimento, no que prime o concepto de responsabilidade.
- Cooperación coas institucións do entorno para colaboracións e apoio.
- Fomentarase a puntualidade, conservación do material, instalacións e limpeza.
- Organización das aulas e do centro:
 - Sería conveniente a composición de grupos flexibles de alumno en caso necesario, que permita introducir desdobres ou divisións nalgúñas materias, xunto con apoios personalizados; neste momento imposible.
 - Sacar da aula, momentaneamente, a un alumno/a que se manifesta incontrolable, agresivo, desestabilizado e que prexudica a marcha da clase. Ao tranquilizarse volverá ao seo da súa clase.
 - Atender á diversidade do alumnado, mediante tratamentos adecuados ás súas circunstancias e necesidades concretas.

5.- NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA

5.1. NORMAS XERAIS DO CENTRO

Para ensinar e educar deben darse unhas condicións de orde e tranquilidade para que a convivencia sexa a máis adecuada. Para que se dean esas condicións faise necesaria a elaboración dunhas normas tendentes a crear unha conduta socializadora. Estas normas deben de cumprir os seguintes requisitos:

- Entendemos que os alumnos deben estar abertos á situación de cambio que experimenta a sociedade, educándoos en xustiza, liberdade e respecto.
- Respectar sempre a dignidade da persoa.
- Respectar os dereitos da infancia.
- Respectar os dereitos da educación.
- Han de ter unha finalidade formativa.
- Deben servir de base á convivencia do Centro.
- Han de ser adaptables ao medio escolar.
- Respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daquelas outras persoas e institucións que se relacionan co Centro con ocasión da realización das actividades e servizos do mesmo.
- A tolerancia ante a diversidade e a non discriminación.
- A corrección no trato social, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta e educada.
- O interese por desenvolver o propio traballo e función con responsabilidade.
- O respecto polo traballo e función de todos os membros da Comunidade Educativa.
- A cooperación nas actividades educativas e de convivencia.
- A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar.
- O coidado no aseo e imaxe persoal e a observación das normas do Centro sobre esta materia.
- A actitude positiva ante os avisos e correccións.
- A adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material de Centro, conforme ao seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do Centro.

No Regulamento de Réxime Interno do centro recóllense as normas dos membros da comunidade educativa e establécense as medidas correctoras para modificar as condutas contrarias á convivencia escolar.

No Plan de Convivencia establecemos, no respecto ao RRI, unhas normas que pretenden facilitar a convivencia e unhas orientacións para corrixir aquelas condutas contrarias á convivencia.

Ademais establecemos un plan de actuación baseado na mediación e na resolución pacífica dos conflitos, buscando o consenso e os pactos entre as partes implicadas (alumnado, profesorado e familias) para procurar evitar chegar, na medida do posible, a actuacións máis punitivas.

PROFESORADO			
EN RELACIÓN CONSIGO MESMO	EN RELACIÓN CO ALUMNADO	EN RELACIÓN CO CENTRO	EN RELACIÓN CO AS FAMILIAS
- Actualizarse e perfeccionarse na súa profesión e investigar os recursos didácticos máis apropiados para o traballo escolar. - Asistir con puntualidade ás clases e ás reunións establecidas na dinámica do Colexio (Departamento, Claustro, Consello Escolar, Sesións de Avaliación,...) - Acatar as quendas de vixilancia nos recreos e nas gardas. - Entregar programacións, plans, memorias... coa periodicidade establecida. - Cumprimentar a documentación oficial con respecto aos alumnos/as nos prazos establecidos. - Gardar reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.	- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndolas en coñecemento dos membros do equipo directivo. - Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar. - Respectar a personalidade de cada alumno/a, escoitalle, comprenderlle e axudarlle, establecendo as normas de clase, pactadas co alumnado. - Ter un trato personalizado cos alumnos/as intentando compensar os máis necesitados. - Preocuparse polas súas condicións ambientais. - Individualizar o ensino. - Responsabilizarse dos alumnos/as nas saídas e excursións, previa autorización, por escrito, dos familiares. - Non usar nin permitir o uso de termos que amosen menosprezo. - Facer seguimento da axenda escolar ou caderno, daquel alumnado que a use e sexa necesario. - Aplicar o PAT e o PXAD.	- Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa. - Coñecer o RRI e cumprir os seus preceptos. - Respectar e cumprir as decisións do Consello Escolar e os demais órganos do centro. - Cooperar co mantemento e o bo uso do material e instalacións do centro. - Deixar os equipos informáticos apagados despois de cada sesión. - Cooperar co mantemento da orde e a disciplina dentro do recinto escolar. - Manter ton e actitude de respecto. - Informar aos responsables do centro e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia. - Respectar a dignidade e funcións das persoas que traballan no centro. - Avisar con antelación (sempre que sexa posible) das faltas de asistencia. - Xustificar as ausencias. - Programar e preparar o traballo escolar para facer posible unha tarefa docente eficaz. - Coordinación entre todo o equipo docente. - Participar de maneira activa nas actividades do centro.	- Garantirase a dispoñibilidade dos membros do Equipo Directivo para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado. - Manter contactos periódicos e sistemáticos cos familiares do alumnado, dentro do horario previsto para tal fin. - Recibir a visita dos familiares cando o soliciten, cumprindo os horarios e normas establecidos para tal caso. - Coidarase de xeito especial que as horas de atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores sexan razoablemente compatibles, dentro do horario do centro, coas obrigas laborais e familiares destes. - Cumprimentar as notas e datos de tutorías nos períodos establecidos. - Solicitar as xustificacións das ausencias e saídas do Centro por parte do alumnado. - Comunicar ás familias as faltas de asistencia dos seus fillos/as inxustificadas e/ou reiteradas. - Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as. - Aplicar o PAT.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS		
EN RELACIÓN CONSIGO MESMO	EN RELACIÓN CO ALUMNADO	EN RELACIÓN CO CENTRO
▪ Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento. ▪ Gardar reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.	▪ Informar aos responsables do centro e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia. ▪ Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.	▪ Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

ALUMNADO	
REFERENTE Á ACTIVIDADE NO CENTRO	
NORMA DE CONVIVENCIA	CORRECCIÓN
▪ Asistir puntualmente ás actividades abandonando o Centro finalizadas a participa en ningunha actividade programada.	▪ Entrada ás 9:15 h. ▪ As faltas de puntualidade sen xustificar serán consideradas como unha falta de asistencia, e porase en coñecemento da familia por parte de cada profesor ou o titor.
▪ Acudir ás clases debidamente aseado/a aspecto físico. ▪ Acudir ben uniformado coa vestimenta adecuada: usar gorras, panos na cabeza, pantalóns agás excepcións xustificadas.	▪ En primeiro lugar, realizarase un diálogo con toda a clase sobre o aseo persoal. En segundo lugar, diálogo co/a alumno/a sobre o tema. ▪ Entrevista coa familia para tratar o tema. ▪ Traballo persoal ou colectivo sobre o aseo: redaccións, debuxos, etc. (En primaria). ▪ Revisión diaria co alumnado que incumpre a norma. ▪ Charla co alumno/a, de persistir o comportamento charla con orientacións á familia. ▪ En caso de continuar sen vir aseado/a, informarse aos Servizos Sociais do Concello. ▪ Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.
▪ Transcorrer por corredores e escalas con compostura. ▪ Durante o período de recreo non debe deambular por corredores, escalas sen autorización expresa.	▪ Adestrar ao alumnado en exercicios de entrada e saída a ritmo normal. ▪ Detectar quen adoita correr máis ou faltar a esas normas e facerlles practicar entrando e saíndo amodo. ▪ Redactar ou debuxar sobre a necesidade de andar a un ritmo normal nas filas. ▪ Facer responsable da fila periodicamente ao alumno/a que máis intranquilo adoita facela e premiar coa devandita función: primeiro e último responsable. ▪ Redactar sobre a necesidade de manter libres os espazos. ▪ Se a conduta persiste, quedará reflectida nun parte de incidencias con notificación á familia.
▪ Achegar a clase os libros e o material necesarios.	▪ Reclamarase aos familiares para que comuniquen ao Centro o motivo da súa ausencia.
▪ Responsabilizarse dos encargos encomendados.	▪ Dependendo do encargo, pedirase repetilo unha ou dúas veces, facer outros parecidos, escribilos, debuxalos, para que non se lle volvan a esquecer. ▪ Informarse aos familiares se fose necesario.
▪ Utilizar os servizos hixiénicos correctamente en casos de necesidade. ▪ En horario de recreo deberase solicitar para acudir aos servizos hixiénicos do centro.	▪ Si se detecta a un alumno/a nos aseos derramando auga ou calquera outro incidente: 1. Realizará a tarefa que contribúa a secar a auga. 2. De haber outros danos, mostraránselles aos familiares se cabe a posibilidade e tomaranse as medidas oportunas para a súa solución.
▪ Controlar as xustificacións das faltas formuladas polos familiares.	▪ Recordaráselle ao alumnado a obrigatoriedade da súa xustificación.. ▪ En caso de non facelo, o titor/a citará aos familiares para unha xustificación persoal. ▪ De non conseguir a xustificación das mesmas porase en coñecemento dos Servizos Sociais do Concello. ▪ Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.
▪ Evitar os xogos violentos	▪ Aplicaranse xogos sedentarios.

ALUMNADO	
REFERENTE AOS SEUS COMPAÑEIROS/AS	
NORMA DE CONVIVENCIA	CORRECCIÓN
- Respectar aos compañeiros/as non agredindo nin humillando. - Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar. - Falar con respecto, dirixíndose aos compañeiros/as polo seu nome, sen insultos ou empregando palabras mal soantes, excluindo toda violencia verbal.	- Diálogo tutor/alumnos/as implicados. - Toma de conciencia do dano causado. - Desculpase quen proceda. - Se é un alumno/a reincidente, deberá ser privado das situacións nas cales se producen os incidentes durante un tempo determinado e será aconsellable a realización traballos de reflexión: debuxo, redacción,... Pódese dar a responsabilidade da non agresión ao seu compañeiro/a - Despois do diálogo e aclaración do incidente, se realmente houbo un causante e o tema o require, citarase aos familiares, faráselles partícipes da situación e solicitarase a súa colaboración na aplicación da corrección: privación de ir ao parque, cine,... ou outro aspecto preferido do alumno/a, así como paralelamente no centro realizará un traballo de reflexión: redacción, confección de resumos, descrições do compañeiro danado, propostas de auto-mellora no comportamento, ... - Paralelamente o/a tutor/a coa colaboración do DO incidirá co alumnado nas relacións e habilidades sociais. - Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI
- Respectar todas as pertenzas dos demais - Vixiar que os alumnos/as non traian cartos, salvo para determinadas ocasións ou circunstancias.	- Devolver o subtraído, con data límite. - Repoñelo ou pagalo nun prazo establecido. - Dialogar sobre o sistema de propiedade e a necesidade de que cada cal valore o que ten, pero nunca comparando co que teñen os outros (Dinámica de grupos). - Facer simulacros ou dramatizacións nos cales uns personaxes subtraen algo a alguén ou a outros. Dialogar sobre o ocorrido. Concluir coa necesidade de respectar as propiedades alleas e as consecuencias que iso implicaría.
- Non perturbar a marcha da clase, evitando molestar, distraer ou interromper. - Participar e colaborar na consecución dun adecuado clima de estudo no colexio, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.	- Cando un alumno/a perturbe a marcha da clase, tomarase nota diso para valoración segundo o sistema de revisión que se estableza . Si se mantén a actitude, privaráselle dunha actividade grata para el/ela. - Prever as situacións máis conflitivas dentro do aula. Dispor de actividades variadas e adaptadas para os alumnos/as que adoitan interromper. - Diálogo persoal tutor/alumno/a: compromisos, contratos, seguimento, aplicación dos premios e castigos. - Sistema de puntos (casos individuais). O alumno/a ten 10 puntos de partida, vanlle restando a medida que molesta, recupera cando se porta mellor. Intervalos de media a unha hora. Valorar os progresos. Se mantén durante unha semana os 10 puntos, premiaráselle. Se perde os 10 puntos, aplicaráselle unha corrección de acordo cos familiares: privación de saída á rúa, de comprarlle cousas, da paga semanal, etc. No Centro: realizando o seu traballo só e privarlle das actividades que máis lle gusten (un día ou dous).

	- Tarefas de responsabilidade do grupo na medida do posible. Motivando felicitando. - Se a conduta persiste, quedará reflectida nun parte de incidencias con notificación á familia. - Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.
Colaborar cos seus compañeiros/as nas actividades escolares.	O neno/a que non colabore cos seus compañeiros nas actividades escolares poderá ser nomeado responsable dalgunha actividade de grupo, sendo portavoz do mesmo, nos casos que a actividade o requira.
Respectar a quenda de palabra nas asembleas e diálogos da clase ou do colexio.	Cando un alumno/a non respecte a súa quenda de palabra participará despois de que todos o fagan. Se persiste na súa falta privaráselle de participar no diálogo

ALUMNADO	
REFERENTE AO PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE	
NORMA DE CONVIVENCIA	CORRECCIÓN
- Ter un trato respectuoso co profesorado e co persoal non docente do Centro. - Esperar a que o profesorado dea por terminada a clase para recoller. - Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do colexio. - Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa. - Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe, sendo dilixente na realización das actividades escolares.	- Cando un alumno/a manteña un trato irrespetuoso leve cun profesor/a do Centro ou outro persoal non docente tomaranse as mesmas medidas que no apartado de faltas aos compañeiros/as - Nalgúns casos excepcionais, dependendo do neno/a e a situación, poderase ignorar a agresión, así como o significado e a causa da mesma. - Citarase aos familiares para informalos e solicitar a súa colaboración na aplicación dunha corrección segundo a gravidade dos feitos. - Privación de utilizar o espazo físico e a función do mesmo un número determinado de días (segundo a idade e a gravidade): aula, patio, comedor. Este tempo permanecerá realizando tarefas marcadas nun espazo que se determine (agás a biblioteca), baixo a responsabilidade dun docente. - Realización de traballo extra marcado polo titor/a (procurar que sexan actividades prácticas). - Expresar verbalmente ante os compañeiros/as, a reflexión sobre a súa actuación. - Parte de incidencias con notificación á familia. - Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.
Prestarse ao diálogo para esclarecer as cuestións que se expoñen na vida do Centro	- Simular situacións en clase que lle obriguén a razoar e dialogar, sen que lesione a súa dignidade. - Realizar diálogos escritos sobre o tema en cuestión. - Marcar unhas tarefas para reflexionar e decidir dialogar sobre o que sucede ou pór prazos para facelo.
Respectar e realizar o traballo programado polo profesor/a en clase.	- Seguir orientacións para facilitar que o alumnado remate o traballo. - O/a neno/a terminará a súa actividade noutro momento: recreo, casa, na aula, etc
O alumnado está obrigado a cumprir os procedementos e as correccións derivadas do incumprimento das normas. O incumprimento das mesmas determinará unha corrección aumentada.	Incoación de Expediente disciplinario.

ALUMNADO	
REFERENTE AO CENTRO	
NORMA DE CONVIVENCIA	CORRECCIÓN
Facer bo uso dos equipos informáticos.	- Para facer uso dos ordenadores das aulas é preciso a presenza dun profesor/a - Poderanse usar os ordenadores con determinados xogos educativos, en casos excepcionais, e sempre baixo a presenza do profesorado. - Cando un alumno/a faga mal uso dos equipos informáticos e este feito sexa constatable, informarse á familia e de ser necesario repararase economicamente o valor do arranxo ou reposición. - Coidar que os equipos queden debidamente apagados ao finalizar a xornada escolar. - Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.
Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do colexio.	- Segundo a gravidade e se a conduta persiste, quedará reflectida nun parte de incidencias con notificación á familia. - Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.
Facer bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material, responsabilizándose da súa conservación.	- Cando os danos sexan producidos intencionadamente obrigarase a repoñer o dano causado, ben coa substitución do obxecto ou co importe total. En determinados supostos pódese considerar a aportación dun prezo simbólico, do cal pagarase semanalmente unha cantidade, si é preciso. - Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.
Prohíbese o uso de móbiles e de reprodutores de vídeo, no centro, salvo circunstancias excepcionais e sempre que estean autorizados polo profesorado correspondente	- Retirada do aparato que quedará en custodia ata a súa recollida por parte da familia. - Segundo a gravidade e se a conduta persiste, quedará reflectida nun parte de incidencias con notificación á familia. - Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.
Prohíbese fumar, tomar bebidas alcohólicas ou sustancias estupefacientes no centro en nas suas inmediación.	Obrigarase ó alumno a deixar de facelo. Levarase a xefatura de estudos e notificarase no mesmo intre oa seus pais ou titor cun apercibimento de expulsión se volve a suceder. Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI
Evitar malgastar o material funxible.	- Todo o que malgaste intencionadamente o material funxible deberá repoñelo no prazo dunha semana. - Privarase do material ata que sexa repostado.
- Coidar de que as clases, corredores, servizos, etc., se manteñan limpos e ordenados. - Ao concluír a xornada colocaranse todas as cadeiras e mesas ordenadas co fin de facilitar as tarefas de limpeza.	- Cando se manche ou desordene calquera espazo do Centro deberá deixarse limpo e ordenado. - Redactar sobre a necesidade de manter limpos os espazos. - Confeccionar carteis, murais, etc. sobre a limpeza da clase, servizos hixiénicos e Centro.
Respectar o contorno do Centro: plantas,patios ...	Cando se estrague algunha planta, o causante farase responsable do seu coidado durante cinco días lectivos.
Participar de acordo coa súa idade na organización do Centro.	Colaborar na recollida e orde de materiais, ...
- Conservar en bo estado os libros do Centro, devolvendo no prazo indicado os que se reciban en calidade de préstamo. - Devolver os libros de texto en réxime de préstamo en bo estado ao rematar o curso.	- No caso de devolución dun libro estragado estarase obrigado ao seu arranxo. Se está moi deteriorado deberase repoñer cun novo exemplar. - En caso de extravío deberá ser substituído por outro igual ou pagarase o importe. - Non se poderán utilizarse os libros da biblioteca ata que se cumpran os dous puntos anteriores. - Cando un alumno/a esqueza o libro que ten que devolver recordarásele a obriga que ten para entregalo na data acordada. De ser reincidente non poderá levar libros tantos días como xornadas se atrasou na entrega. - Haberá que repoñer os libros que non estean en bo estado no momento da súa devolución.

FAMILIAS		
EN RELACIÓN CO CENTRO	EN RELACIÓN CO PROFESORADO	EN RELACIÓN COS SEUS FILLOS/AS
▪ Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos/as en colaboración co centro. ▪ Coñecer as normas establecidas polo colexio, respectalas e facelas respectar. ▪ Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa. ▪ Respetar de que o alumnado que comeza a súa escolarización en Educación Infantil, controle as normas de hixiene e limpeza elementais, así coma non utilizar cueiros, chupetes, ... ▪ Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as. ▪ Coñecer o Regulamento de Réxime Interno e observar as normas contidas no mesmo. ▪ Atender ás citacións do Centro. ▪ Coñecer o Plan de Convivencia. ▪ Absterse de visitar ao alumnado durante as horas de clase ou recreo, sen causa xustificada. ▪ Respetar as normas de Educación Viaria nos accesos ao colexio. ▪ Respetar os horarios do centro e cumprir con puntualidade nas entradas e na recollida do alumnado. ▪ Comunicar calquera variación de datos (teléfono, domicilio,...) na Secretaría do colexio.	▪ Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos/as en colaboración co profesorado. ▪ Respetar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias. ▪ Non desautorizar a acción do profesorado en presenza dos seus fillos/as. Escoitalos e contrastar as versións. ▪ Facilitar a información e datos valorativos dos seus fillos/as aos profesores/as que o precisen nos distintos aspectos da súa personalidade. ▪ Facilitar aos seus fillos/as cantos medios sexan precisos para levar a cabo as actividades e tarefas que lle indique o profesorado. ▪ Participar voluntariamente co profesorado na programación daquelas actividades para as que se solicite a súa axuda. ▪ En caso de separación xudicial dos pais, xustificar a quen corresponda a garda e custodia dos fillos. Cando este dato non estea definido xudicialmente será preciso a xustificación no Centro cun escrito onde se faga constar quen ten temporalmente a responsabilidade do neno/a. ▪ Ter sempre algunha persoa de contacto no caso de ter que avisar á familia de forma imprevista.	▪ Colaborar no labor educativo exercido sobre o alumnado. ▪ Vixiar e controlar as súas actividades, tendo en conta que o profesor/a só é responsable do neno/a durante as horas lectivas. ▪ Vixiar o coidado e a conservación do material prestado (libros, material da biblioteca, ...) ▪ Facilitar o cumprimento das obrigacións dos seus fillos/as respecto do centro: puntualidade, orde,aseo, ... ▪ Distribuír e coordinar o seu tempo libre e de lecer,especialmente no relativo a lecturas, xogos, tv, ... ▪ En caso de terse que ausentar en horario lectivo, a familia poderá optar en vir a por o neno/a. Ou que se vaian sos ou soas pero sempre cun xustificante dos pais ou titores legais. ▪ Xustificar por escrito as ausencias e atrasos dos seus fillos/as durante o horario escolar. En caso de imprevistos, avisar previamente ao centro. ▪ De persistir a impuntualidade, o Equipo Directivo do Centro, tomará as medidas oportunas. ▪ Estimular aos seus fillos/as no respecto ás normas de convivencia do Centro como elemento que contribúe á súa formación sendo consecuentes coas sancións ás normas dos alumnos/as.

5.2. OUTRAS NORMAS

5.2.1 XERAIS

- Non utilizar teléfonos móbiles no interior do edificio nin no ximnasio ou pistas deportivas, durante todo o horario escolar

5.2.2 NAS AULAS

- Utilizar as papeleiras.

- Colgar e descolgar de forma ordenada a roupa nos colgadoiros.
- Recoller todo o material ao remate das clases. Respetar todos os traballos que haxa na aula.
- Deixar as cadeira enriba da mesa ao rematar a xornada escolar.
- Saudar ás persoas que conviven no teu centro.
- Non tirar papeis, xices e outros obxectos ao chan e polas ventás, coidando a estética das aulas, e recollelos se é o caso.
- Non se tomarán lambetadas (chicles, chupas,...) durante as clases, salvo circunstancias excepcionais e sempre autorizados polo profesorado correspondente.

5.2.3. NOS CORREDORES

- Non realizar ruídos que molesten aos compañeiros/as que están nas aulas.
- Respetar os murais, carteis, plantas, ...
- Colocarse na fila correspondente para desprazarse.
- Non baixar nin subir as escaleiras correndo.

5.2.4. NOS PATIOS

- Durante o horario de recreo:
- O alumnado non poderá quedar só nas clases, debendo en tal caso estar acompañados por profesorado.
- Nos días de choiva o alumnado permanecerá nos espazos habilitados.
- Realizaranse actividades e xogos de maneira moderada, dando prioridade á integridade física dos membros da comunidade escolar.
- Ningún alumno poderá saír do recinto escolar en horario lectivo sen coñecemento do seu titor/a ou do Equipo Directivo e permiso de pais ou tutores legais.
- Utilizar as papeleiras
- Coidar as instalacións deportivas e o resto de material.
- Usar as fontes unicamente para beber. Ao baixar do autobús escolar hai que entrar directamente no recinto escolar ou esperar nas zonas dispostas para tal fin.
- Hai que acudir ás filas cando toque a serea.
- Evitar os xogos violentos e perigosos.

5.2.5. NOS SERVIZOS HIXIÉNICOS

- Durante as horas de clase deberá facerse un uso moderado dos servizos en función da idade e circunstancias persoais do alumnado, e sempre en casos de verdadeira necesidade.
- Durante o recreo utilizaranse os aseos asignados.
- Utilizar o papel hixiénico e aparatos de secado de xeito responsable.
- Ao usar o servizo descargar a cisterna utilizando con coidado o dispositivo.
- Lavar as mans despois de facer uso dos servizos, procurando non mollar o chan.

- Vixiar que as billas non estean abertas máis tempo do necesario.

5.2.6. NO COMEDOR

- Respectar en todo momento ao persoal colaborador e ao de cociña.
- Entrar ordenadamente no recinto, ocupando o lugar que corresponde.
- Coidar a menaxe e non facer ruído cos cubertos.
- Non estragar a comida nin tirala ao chan.
- Falar e non berrar.
- Avisar con antelación a quen corresponda, cando non se vai a facer uso deste servizo.

5.2.7. NO TRANSPORTE ESCOLAR

- Respectar en todo momento aos/ás acompañantes escolares.
- Sentarse no sitio que corresponda.
- Non asomarse ás ventás.
- Non molestar ao condutor.
- Subir e baixar ordenadamente do vehículo.
- Coidar o mobiliario do autobús.

5.2.8. NAS ENTRADAS E SAÍDAS

- O alumnado realizará a súa entrada polas portas determinadas.
- O alumnado deberá agardar nas zonas correspondentes para a súa entrada. Non poderán estar fora nin polas instalación mentres non se abran as portas.
-
- O profesorado de garda autorizará a entrada e os alumnos/as entrarán en orde baixo a supervisión do profesorado. Realizarase o mesmo procedemento no horario de recreo.
- As entradas ás aulas realizaranse ordenadamente.
- Na clase colocase a roupa de abrigo nos colgadoiros e logo sentarémonos no sitio correspondente.
- Ao rematar as clases, o alumnado sairá cando o indique o profesorado, de forma ordenada.
- No momento de abandonar a aula, quedará todo recollido e en perfecto estado.
- Cada profesor/a coidará de que os alumnos/as da súa clase se conduzan gardando a debida orde nas saídas, entradas e recreos.
- En horario lectivo non se permitirá abandonar o recinto escolar a ningún alumno/a sen autorización expresa do Equipo Directivo, profesorado ou titor/a. Os pais/nais, titor/a ou persoa responsable deberán autorizar a súa saída e, en todo caso, vir a recollelos persoalmente á aula.

5.2.9. PUNTUALIDADE

- A hora de entrada para todo o alumnado é ás 9:15 horas salvo aos alumnos que se atopen na aula aberta.
- A impuntualidade na recollida do alumnado ao remate das actividades educativas suporá que o alumno/a afectado/a, integrarase na aula aberta e as familias correrán cos gastos polo tempo que utilicen este servizo.

5.2.10. FALTAS DE ASISTENCIA

- As faltas de asistencia serán comunicadas aos pais ou titores legais.
- As faltas deberán estar debidamente xustificadas sempre. En caso contrario incoarase procedemento de absentismo escolar.
- Comunicar con antelación ao profesorado-titor as que estean previstas. O mesmo procedemento se seguirá nos casos de enfermidade.

6.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.

Preámbulo:

Co obxectivo de fixar as NORMAS DE CONVIVENCIA do noso centro e adaptalas á actual, foi elaborado o presente Regulamento de aplicación no recinto escolar e nas actividades desenvolvidas fóra del (excursións, visitas, competicións, etc.). Todas as normas aquí recollidas buscan propiciar o clima de responsabilidade, de traballo e esforzo que permita que todos os alumnos obteñan o máximo aproveitamento no seu proceso de formación e adquiran os hábitos e actitudes que se espera que desenvolvan nas súas respectivas etapas educativas de acordo á súa idade e madurez persoal (DDDA preámbulo). Todos os membros da comunidade escolar quedamos comprometidos a cumprir e facer cumprir as presentes normas.

Normas xerais:

Art.1º.- Un principio fundamental que rexe a vida do centro é que todos os membros da comunidade escolar debémonos o respecto mutuo e a colaboración necesaria co fin de conseguir o marco de convivencia e autorresponsabilidade que nos permita os mellores resultados do proceso educativo, sendo unha dos seus fins primordiais a formación no respecto, os dereitos e liberdades fundamentais e o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos.

Art.2º.- As portas abriranse 5 minutos antes do comezo das actividades. Os alumnos entrarán nas aulas, facendo en todo momento uso das mesmas de acordo a NORMATIVA DE USO DAS AULAS aprobadas polo Consello Escolar, e baixo o exposto no apartado 5.2.2. do Plan de Convivencia.

Art.3º.- Os alumnos deberán permanecer dentro do recinto escolar no horario lectivo que lles corresponda. Soamente poderán abandonalo para a realización de actividades lectivas ou complementarias e sempre na compañía do profesorado que asignen para ese efecto.

Art.4º.- As actividades obrigatorias realizaranse dentro do horario lectivo, e fóra del cando exista acordo entre profesores e alumnos, debendo contar co visto bo da dirección.

Art.5º.- Durante a realización de exames, os alumnos quedan na súa totalidade baixo a responsabilidade do profesor correspondente, non podendo abandonar a aula ata o remate do tempo marcado para a realización da proba.

Art.6º.- Durante as horas de clase non se pode permanecer nos corredores e durante os recreos non se pode permanecer nas aulas nin nos corredores.

Art.7º.- No caso de falta de asistencia dun profesor os alumnos deben esperar polo profesor de garda na aula.

Art.8º.- Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a velar pola adecuada utilización e conservación do material, equipamentos e dependencias do centro.

Art.9º.- A prohibición de fumar afecta a todos os espazos, interiores e exteriores, do centro.

NORMAS ESPECÍFICAS DO ALUMNADO:

Art.10º.- Recoñécense ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridad e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Art.11º.- Cada grupo de alumnos elixirá, por sufraxio directo, segredo e non delegable un Delegado de curso e un subdelegado, que substituirá ao delegado en caso de ausencia ou enfermidade, apoiándoo nas súas funcións.

Corresponde aos delegados de curso:

a) expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do curso ao que representan.

b) fomentar a convivencia entre os alumno/as do seu curso.

c) colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo do centro para o seu bo funcionamento.

d) coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do centro.

e) cumprir coas obrigacións que se lle encomendan na **NORMATIVA DE USO DAS AULAS**, e baixo o exposto no apartado 5.2.2. do Plan de Convivencia.

Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como portavoces dos alumnos e alumnas, nos términos da normativa vixente.

Art.12º.- A designación dos delegados e subdelegados poderá ser revogada pola maioría absoluta dos alumnos do curso que os elixiron, previo informe razoado dirixido ao titor ou titora. No caso de revogación ou dimisión, procederase á convocatoria por parte da Xefatura de Estudos de novas eleccións nun prazo de quince días.

Art.13º.- Os alumnos poderán reunirse dentro do horario non lectivo do centro nunhas horas habilitadas para tal fin.

Art.14º.- Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar en mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles reglamentarios, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto de a súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidad e co material preciso.
- i) Acudir ó centro e as saídas que se leven a cabo para participar nas actividades complementarias ou extraescolares uniformado coa vestimenta elixida polo colexio.
- j) Non fumar nin tomar bebidas alcolicas ou sustancias estupefacientes no centro nin nas súas inmediacións.
- k) Non abandonar o recinto escolar sen autorización expresa do Equipo Directivo, profesorado ou titor/a. Os pais/nais, titor/a ou persoa responsable deberán autorizar a súa saída e, en todo caso, vir a recollelos persoalmente á aula.
- l) Cumprir coa NORMATIVA exposta no apartado 5.2.2. do Plan de Convivencia.

DAS FALTAS E DAS SANCIÓNS

Art.15º - Incumplimiento das normas de convivencia.

- a) Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
- b) Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estivesen motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afectasen aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar con arranxo ao establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

c) As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Art.16º.- Responsabilidade e reparación de danos.

a) O alumnado está obrigado a reparar os danos que causase, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, si non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos términos previstos pola lexislación vixente.

b) Cando se incurrixe en condutas tipificadas como agresión física ou moral, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, no seu caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

c) O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, no seu caso, correspondan.

Art.17º.- Clases de condutas contrarias á convivencia.

a) As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente perxudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

b) Cando calquera membro da comunidade educativa entendese que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, haberá de comunicalo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Art.18º.- Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia.

Considéranse condutas gravemente perxudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coacciones contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A grabación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar con arranxo ao establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou sustracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como o seu sustracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente perxudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.

j) Fumar, tomar bebidas alcohólicas ou sustancias estupefacientes no centro escolar e a súas inmediacións. Enténdese como centro escolar calquera instalación que forme parte do recinto (clases, aseos, pabellón, xardíns, pistas,...).

k) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, considerarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cando se lle require a iso polo profesorado. Ditos obxectos, sustancias ou produtos veñen tipificadas no Anexo 1 do actual RRI.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumplimento das sancións impostas.

Art.19º.- Condutas leves contrarias á convivencia.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificadas do apartado h) e as actuacións perxudiciais descritas no apartado i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida en devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente perxudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo anterior. Devanditos obxectos, sustancias ou produtos veñen expostos no Anexo 1 de actual RRI.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro docente.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamiento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) A reiterada asistencia ao centro e as saídas realizadas por mor das actividades complementarias ou extraescolares sen o uniforme ou sen o seu uso correcto.

f) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro docente.

a) Ata un número de catro faltas inxustificadas de asistencia, cometidas durante dúas semanas. b) Permanecer nas aulas durante o recreo. Véxase apartado **NORMATIVA SOBRE O USO DAS AULAS** do presente RRI e apartado 5.2.2. do Plan de Convivencia.

g) Abandonar o recinto escolar sen autorización expresa do Equipo Directivo, profesorado ou titor/a.

Art.20º.- Prescripción das condutas contrarias á convivencia.

a) As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

b) O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se tratase dunha conduta continuada, nese caso o prazo de prescripción non empezará a computarse mentres a mesma non cesase.

c) En caso das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou interesada, do procedemento para a corrección da conduta, renovándose o cómputo do prazo de prescripción en caso de producirse a caducidade do procedemento.

Art.21º.- Principios xerais das medidas correctoras.

a) As correccións que se apliquen polo incumplimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

b) En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

1- Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, en caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. A estes efectos, non se entenderá

como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

2- Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e dignidade persoal do alumnado.

3- A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e haberá de contribuír á mellora do seu proceso educativo.

4- Terase en conta a idade do alumnado e demais circunstancias persoais, familiares e sociais. A estes efectos, poderase solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, no seu caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Art.22º.- Poderán corrixirse, de acordo ao disposto neste regulamento, as condutas contrarias ás normas de convivencia do centro realizadas polos alumnos no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares. Tamén poderán corrixirse as condutas do alumno que, sendo levadas a cabo fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa (DDDA art. 46).

Art.23º.- Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

a) Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, a solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

b) A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se renovará no caso de que a conciliación fose infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

c) No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

d) O procedemento formalizado será o que se determine polo centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

Art.24°.- Medidas correctoras das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia.

As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro docente poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un periodo de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un periodo de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión do dereito de asistencia ou participación nas actividades extraescolares ou complementarias fora da aula e de maneira puntual mentres dure dita actividades (viaxes, saídas culturais, excursións,...)

f) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un periodo de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

g) Cambio de centro.

Art.25°.- Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amonestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un periodo de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un periodo de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un periodo de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un periodo de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Art.26º.- Co obxectivo de afrontar a incidencia das faltas a clase no proceso da avaliación fíxase a seguinte disposición:

a) Cando un alumno de Bacharelato teña computados 10, 15 ou 20 faltas xustificadas en asignaturas de 2, 3, e 4 horas semanais respectivamente, poderá serlle aplicado un sistema de avaliación extraordinario segundo as directrices do Departamento correspondente.

b) Cando un alumno de Bachillerato teña computados 10, 15 ou 20 faltas non xustificadas en asignaturas de 2, 3 e 4 horas semanais respectivamente, será avaliado a través das Probas de Suficiencia.

c) Cando un alumno da ESO teña computadas 10, 15 ou 20 faltas, xustificadas, ou non, en asignaturas de 2, 3 e 4 horas semanais respectivamente, poderá serlle aplicado un sistema de avaliación extraordinario segundo as directrices do Departamento correspondente.

Art.27º.- Co fin de garantir o cumprimento das normas de convivencia expostas neste plan, aqueles alumnos que teñan algunha sanción disciplinaria con anterioridade a realización de actividades

extraescolares ou complementarias levadas a cabo fora do recinto escolar, poden perder o dereito a participar nelas se así o decide a dirección do centro.

Art.28º.- Graduación das medidas correctoras.

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, no seu caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obrigaón de reparar os danos producidos nos términos previstos polo artigo 13 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e exposto no artigo 17 do presente RRI.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

Art.29º.- Prescripción das medidas correctoras.

As medidas correctoras das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro docente previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Art.30º.- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente perxudiciais para a convivencia.

a) As medidas correctoras de condutas gravemente perxudiciais para a convivencia só poden impoñerse previa tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.

b) Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da Dirección do centro docente, por propia iniciativa, a petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, ou previa denuncia doutros membros da comunidade educativa.

c) A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este si é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarse á inspección educativa.

d) No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da Dirección do centro pode adoptar motivadamente, a iniciativa propia ou a instancia do instructor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este si é maior de idade.

e) Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, si é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal levantarse acta. En caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e exposto no artigo 32 do presente RRI.

f) Cumprimentado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro dictará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, no seu caso, a correspondente corrección, así como a obrigaón de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e exposto no artigo 17 do presente RRI.

g) A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este si é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, comunicándose á inspección educativa.

h) A resolución da persoa titular da Dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da Dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos no apartado f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Art.31º.- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia.

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levarase a cabo por:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudo, en caso das medidas contempladas nos apartados a), b) e c) do artigo 22 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e exposto nos apartados a), b) e c) do artigo 26 do presente RRI.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, en caso das medidas contempladas nos apartados a), b), c) e d) do artigo 22 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e exposto nos apartados a), b), c) e d) do artigo 26 do presente RRI.

c) A persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, ou a persoa titular da Dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, en caso das medidas contempladas nos apartados a), c), d), e) e f) do artigo 22 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e exposto nos apartados a), b) c), d) e f) do artigo 26 do presente RRI.

d) A persoa titular da Dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, en caso das medidas contempladas nos apartados g) e h) do artigo 22 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e exposto nos apartados g) e h) do artigo 26 do presente RRI. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que as mesmas se fagan efectivas, así como á Comisión da Convivencia Escolar do centro.

2. As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

Art.32º.- Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores.

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para os mesmos, sendo comunicada a súa desatención reiterada e inxustificada ás autoridades competentes aos efectos da súa posible consideración como incumplimento dos deberes inherentes á patria potestade ou a tutela.

DO PROFESORADO

Art.33º.- Condición de autoridade pública do profesorado.

a) No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ostenta a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

b) No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa puidese sinalar ou aportar o alumnado ou os seus representantes legais cando fose menor de idade.

c) O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, sustancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requerimiento previsto neste apartado obriga á alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na Dirección do centro coas debidas garantías, quedando a disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, si a alumna ou alumno que o porta fose menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, si fose maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que puidesen corresponder.

Art.34º.- Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) A ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Art.35°.- Son **deberes** do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigacións de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención aos mesmos que lle impoña a normativa de aplicación.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e discreción profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- f) Asistir puntualmente as súas actividades lectivas e non lectivas. As súas ausencias, polas súas repercusións estritamente académicas, serán comunicadas aos alumnos afectados para posibles cambios de clases.
- g) Cumprir e facer cumprir o presente Regulamento.

Art.36°.- O profesor de garda está obrigado a atender aos alumnos que estivesen sen profesor e a velar pola orde e bo funcionamento do centro, especialmente nos corredores, á entrada e saída das clases. Deberá pasar lista no curso que estivese sen profesor cubrindo o parte correspondente. No caso de que sexan varios cursos atenderá aos de menor nivel situando aos outros de tal modo que non perturbén a boa marcha das outras aulas, en particular as de Educación Física.

Art.37°.- Cada grupo de alumnos contará cun profesor tutor coas funcións básicas de:

- a) Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación.
- b) Proporcionar ao alumnado e, se son menores de idade, aos seus pais ou representantes legais, información sobre todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo, así como do rendemento académico.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu curso.

g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

h) Orientar ao alumnado dun xeito directo e inmediato no seu proceso formativo.

i) Informar ao equipo de profesores do grupo das características dos alumnos e alumnas, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.

k) Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu curso.

l) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

m) Colaborar co departamento de orientación nos termos que estableza a Xefatura de Estudos e con aquel e os demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.

n) Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do curso, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

o) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.

p) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.

q) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo.

r) Controlar as faltas de asistencia e puntualidade do alumnado, e informar ao Xefe de Estudos e aos seus pais ou representantes legais.

s) Aceptar a xustificación de faltas cando non se trate de certificados médicos ou documentos oficiais.

t) Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

Art.38º.- O titor será o responsable de controlar e comunicar as faltas dos alumnos. O envío das faltas farase como norma xeral quincenalmente.

Art.39º.- Os titores terán á súa disposición un modelo de xustificación de faltas que facilitarán a pais e alumnos.

D) DA BIBLIOTECA

Art.40º.- A Biblioteca do centro estará a disposición do alumnado nos mediodías (13 h 50 a 15 h 50).

Art.41º.- O alumnado poderá retirar libros da biblioteca, tras a apertura da ficha correspondente, tendo que reintegrarlos á biblioteca nun prazo máximo de 3 días.

E) DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Art.42º.- Terán carácter de COMPLEMENTARIAS aquelas actividades que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazos ou recursos que utilizan.

Art.43º.- Teñen carácter de EXTRAESCOLARES aquelas actividades que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. Realízanse fóra do horario lectivo. En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dun ensino oficial do currículo.

Art.44º.- A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou representantes legais sempre que se desenvuelvan fóra do centro. No caso de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis convinte para atender aos alumnos que non participen nelas. No caso de contar coa autorización, a asistencia á actividade será obrigatoria para o alumno.

Art.45º.- poderan ser excluídos da participación en actividades extraescolares e complementarias aqueles alumnos que incurrisen unha sanción disciplinaria con antelación a dita actividade. Art. 27 do RRI.

Art.46º.- Durante a súa celebración rexerán as normas contidas no presente Regulamento.

Art.47º.- As actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro estarán sempre a cargo dun ou máis profesores conforme á lexislación vixente e as directrices da inspección educativa e da dirección do centro (RRI).

F) DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Art.48º.- Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente axeitado no que se preserve en todo caso o seu integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011, de 30 de xuño, da convivencia e participación da comunidade educativa.

Art.49º.- Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e discreción profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar discreción e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tivese coñecemento.

e) O persoal administrativo atenderá a alumnos, pais e profesores nas cuestións administrativas, informará sobre matriculación, bolsas, certificacións e outros asuntos da súa competencia. Tamén cumprirán as ordes que reciban da Dirección en relación co funcionamento administrativo do centro.

G) DOS PAIS

Art.50º.- As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato axeitado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro docente.

d) A ser oídos, nos termos previstos pola presente lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Art.51º.- Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente.

b) Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

H) DO RÉXIME DE CONVOCATORIAS DOS ORGANOS COLEXIADOS

Art.52°.- O quórum para a válida constitución dos órganos colexiados requirirá a presenza do Presidente e Secretario e da metade polo menos dos seus membros. Si non existe quórum, o órgano constituirase en segunda convocatoria no seguinte día lectivo no mesmo lugar e hora. Neste caso será suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros e en todo caso un número non inferior a tres.

Art.53°.- Os órganos colexiados reúnense unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite un terzo dos seus membros.

I) DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Art.54°.- Estará constituído por:

a) Un titor ou titora por cada nivel do centro procurando que existan profesores dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, e do maior número posible de áreas e materias.

b) Os profesores de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

c) O xefe de departamento.

Art.55°.- As súas funcións son:

a) Valorar as necesidades educativas do alumnado, do seu contorno e deseñar como desenvolver e avaliar programas de intervención.

b) Elaborar, segundo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, así como ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

c) Participar na elaboración, seguimientto e avaliación dos PEC e PCC, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando faga falta, na adecuación dos criterios de promoción.

d) Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

e) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas

Art.56°.- Para estas tarefas poderá realizar tests e ocupar aquelas horas que precise sempre conforme ás necesidades académicas xerais e previa autorización dos profesores afectados.

NORMAS FINAIS

Art.57°.- Queda derogado o anterior Regulamento de Réxime Interior.

Art.58°.- Este Regulamento entra en vigor o mesmo día da súa aprobación polo Consello Escolar.

Art.59°.- Recórdase que o descoñecemento das presentes normas non exime do seu cumprimento.

Art.60°.- Este Regulamento estará exposto para coñecemento de todos os membros da comunidade educativa aos que se lles facilitarán exemplares do mesmo.

ANEXOS DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Anexo 1°.- Listados de obxectos, sustancias ou produtos establecidos polo centro como perigosos, quedando expresamente prohibidos.

Móviles, cámaras de fotos, cámaras de video, calquera elemento tecnolóxico que vaia en contra das normas de convivencia.

Tabaco, bebidas alcohólicas, sustancias estupefacientes, medicamentos que non estean con receita médica e permiso ou autorización paterno/materno.

Mecheros, petardos, armas brancas ou obxectos contundentes (pedras, paus, bates...)

Calquera obxecto, sustancia ou produto que, sen estar exposto nos apartados anteriores, sexa considerado por profesores, directivos ou calquera membro da comunidade educativa como perigoso

para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros de dita comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

NORMATIVA SOBRE O USO DAS AULAS

Considerando formativo responsabilizar aos alumnos no uso das instalacións do centro e intentando combater o deterioro das aulas e as posibles sustraccións de material e obxectos persoais, fíxase a presente normativa:

1º.- Todas as aulas do centro terán a súa chave. O seu uso rexerase polo disposto no artigo 14.e e 16.a do RRI. O seu uso indebido está tipificado como conduta contraria ás normas de convivencia nos artigos 18.g e 19.a do RRI.

2º.- O día da presentación, o titor explicarálles aos alumnos esta normativa.

3º.- Finalizada a elección dos delegados farase un inventario en presenza dos alumnos, asinado polo titor e o delegado, no que constará o estado do aula así como os materiais de que dispoña.

4º.- Os profesores serán os responsables de abrir e pechar a aula, sempre ao comezo e ao final das actividades lectivas, durante os recreos e cando fose preciso (saídas ao exterior, clases de educación física, etc.)

5º.- No final do curso revisarase en presenza dos alumnos o inventario para comprobar o estado da aula aplicándose o RRI cando e como fose pertinente. Este inventario de fin de curso será asinado de novo polo titor e o delegado.

6º.- Nos recreos non se pode permanecer nas aulas que estarán pechadas agás que a Dirección o autoríce expresamente a un grupo de alumnos. Permanecer nas aulas nos recreos sen autorización está considerado como conduta contraria as normas de convivencia no RRI (art. 19.e). En ningunha circunstancia os alumnos poderán estar pechados dentro das aulas.

7º.- A aplicación desta normativa revisarase periodicamente podendo propoñer ao Consello Escolar que se adopten correccións e modificacións.

Conductas contrarias ás normas de convivencia por faltas de asistencia inxustificadas

De acordo co establecido no art. 19.e, considérase que " ata un número de catro faltas inxustificadas de asistencia cometidas durante dúas semanas" constitúe unha conduta contraria ás normas de convivencia. O proceso de corrección destas condutas estará dentro das posibilidades establecidas no art. 26 do RRI.

7.- PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN.

7.1- ALTERACIÓNS DE COMPORTAMENTO.

Comunicación da situación.

- 1 - Os alumnos comunicaran ao profesor-titor do alumno.
- 2 - As nais e pais comunicaran ao profesor-titor do alumno.
- 3 - O profesorado poñerao en coñecemento do Xefe de Estudos.
- 4 - Outros membros da comunidade educativa comunicaran, habitualmente, ao profesor-titor do alumno.

Información previa.

O profesor-titor, co asesoramento do Xefe de Estudos e o Departamento de Orientación, levará a cabo a recopilación de información que permita aclarar a alteración de comportamento posta de manifestó (características de xeneralización, continuidade e gravidade).

Pronóstico inicial.

O profesor-titor, co asesoramento do Xefe de Estudos e o Departamento de Orientación, en relación coa información previa recollida no apartado anterior (características de xeneralización, continuidade e gravidade), elaborará un informe inicial establecendo se se trata dunha alteración producida, fundamentalmente, por disfuncións do proceso «ensino-aprendizaxe», por factores de tipo familiar, socio-ambiental, ou de «marginalidad», entre outros.

Toma de decisións inmediatas.

A partir do anterior:

a) No caso de alteracións casuais, leves e illadas, o profesor titor tomará as decisións/medidas oportunas de acordo co Regulamento de Réxime Interior do centro e comunicará estas decisións ás familias dos alumnos e aos propios alumnos.

b) No caso de alteracións graves e permanentes o Xefe de Estudos, co asesoramento do Departamento de Orientación e a participación do profesor-titor, valorarán e tomarán as decisións sobre:

1. A aplicación dalgunha das medidas establecidas no Regulamento de Réxime Interior do centro.
2. A comunicación ás familias dos alumnos.

3. A comunicación a outros organismos e servizos (sanitarios ou sociais) oficiais.
4. A adopción de medidas inmediatas, en tempos e/ou espazos, que eviten a repetición de situacións similares.
5. A comunicación ao Consello Escolar.
6. A Comunicación á Inspección de Educación (se se considera oportuno).
7. O inicio das actuacións posteriores se procede.

Todas as actuacións realizadas ata o momento, no caso das alteracións graves, quedarán recollidas nun informe elaborado polo Xefe de Estudos que estará depositado na dirección do centro.

As actuacións posteriores configúranse en función das características da alteración do comportamento do alumno e establecen un procedemento de actuación alternativo, ou simultáneo segundo casos, á aplicación de, por unha banda, as medidas contempladas no R.R.I. e á toma de decisións inmediata.

Avaliación do comportamento problemático.

O proceso será coordinado polo Xefe de Estudos, coa participación do Departamento de Orientación, no seu caso, e do profesor tutor do alumno.

Neste proceso evaluaranse aspectos en relación con:

- alumno (individualmente).
- O centro docente: alumnos, profesores e outras persoas relacionadas coa situación.
- A familia do alumno.

O principal obxectivo é determinar, coa maior precisión posible, cal ou cales son os comportamentos problemáticos, así como as circunstancias en que aparecen, levando a cabo unha análise funcional que determine cales son os acontecementos que lle preceden (antecedentes) e os que lle seguen (consecuentes).

En relación co pronóstico inicial e a toma de decisións inmediatas será necesario:

- Solicitar información doutros organismos e servizos (sanitarios e/ou sociais), especialmente en casos nos que se trate dunha alteración que podería encaixar nalgunha das patoloxías psiquiátricas ou se deba, fundamentalmente, a factores de carácter socio-ambiental.
- Revisar aspectos como a organización da clase e o centro, o desenvolvemento do curriculum, a actuación do profesor (nivel de estrés e modelado) e o agrupamiento e motivación dos

alumnos/as, especialmente se se trata dunha alteración do comportamento relacionada con disfuncións do proceso «ensino-aprendizaxe», manifestándose en condutas disruptivas de maior ou menor gravidade e continuidade.

- O resultado da avaliación recollerase nun documento que quedará depositado na dirección do centro.

Plan de actuación

1. A coordinación de actuacións levaraa o xefe de estudos, co asesoramiento e apoio, no seu caso, do Departamento de Orientación do centro e o titor do alumno.
2. O documento será redactado pola persoa designada polo xefe de estudos, preferentemente o Departamento de Orientación, co apoio do titor do alumno e presentado ao resto de profesores que interveñan con el.
3. Este documento recollerá a actuación a levar a cabo co alumno individualmente, co centro docente (profesores e alumnado) e coa familia do alumno.
4. O plan de actuación deberá incluír os seguintes bloques de traballo:

a) En relación coa actuación individual co alumno: Obxectivos e criterios de logro, selección e aplicación de técnicas e concreción dos aspectos que rodean o seu comportamento. Forma de facilitar a información ao alumno coa maior estruturación posible, así como tempo que está previsto dedicar, diariamente, para levar a cabo o plan de actuación previsto.

b) En relación co centro (profesores e alumnos): Medidas adoptadas en relación co comportamento desaxustado de factores como: a organización e dinámica da clase e/ou do centro, a interacción profesor-alumnos (niveis de estrés e modelado), a ubicación espacial na aula, a aceptación ou rexeitamento do alumno por parte dos seus compañeiros, o desenvolvemento do curriculum, así como a disposición de recursos. Medidas de apoio escolar co alumno en caso de ser necesario. Deseño de estratexias de coordinación entre o profesorado e abordaxe global das alteracións do comportamento, co obxectivo de que se entendan como un problema de todo o centro e non dun só profesor ou dun grupo de profesores. Formulación de programas de mediación escolar.

c) En relación co ámbito familiar: Con vistas a aumentar a eficacia da actuación, débese establecer unha estreita coordinación familia-centro, proporcionando orientacións de actuación e fixando un calendario de reunións cos pais.

d) En relación con outros ámbitos: Establecemento de mecanismos de coordinación con outros organismos e servizos (sanitarios ou sociais, ou a ambos). O plan de actuación incluírá o seguimento

(temporalización e implicados) así como a avaliación dos resultados obtidos, analizando a necesidade de cambio de estratexia, de finalizar as actuacións ou, no seu caso, a oportunidade de derivar o caso aos servizos de apoio especializado que puidese ser necesario.

Derivación a servizos especializados. O Director do centro, unha vez informado o titor do alumno e coa autorización da familia, efectuará a demanda de intervención especializada.

7.2- POSIBLE INTIMIDACIÓN E ACOSO ENTRE ALUMNOS. (BULLING)

Actuacións inmediatas «carácter urxente»

Comunicación inicial.

- Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento expreso, dunha situación de intimidación ou acoso sobre algún/a alumno/a ou considere a existencia de indicios razoables, poñerá inmediatamente en coñecemento dun profesor/a, do titor/a do alumno/a, do Departamento de Orientación do centro, no seu caso, ou do Xefe de estudos, segundo o caso e membro da comunidade educativa que teña coñecemento da situación.

- Este primeiro nivel de actuación corresponde, xa que logo, a todos e cada un dos membros da comunidade educativa.

Primeiras medidas.

- O xefe de estudos, co asesoramento do Departamento de Orientación, no seu caso, e o titor do alumno, efectuará unha primeira valoración, con carácter urxente, posibilidade da existencia, ou non, dun caso de intimidación e acoso cara a un alumno, así como o inicio das actuacións que correspondan segundo a valoración realizada.

- En todo caso, confírmese ou non, a situación será comunicada á familia do alumno.

- Todas as actuacións realizadas ata o momento quedarán recollidas nun informe escrito que quedará depositado na Xefatura de Estudos.

- As actuacións posteriores configúranse en función da existencia ou non dun caso de intimidación e acoso entre alumnos.

7.3- CONFIRMACIÓN DA EXISTENCIA DE COMPORTAMENTOS DE INTIMIDACIÓN E ACOSO ENTRE ALUMNOS. (BULLING)

Coordinados o xefe de estudos, os titores dos alumnos implicados, baixo o coñecemento do equipo directivo, e co apoio do Departamento de Orientación do centro, no seu caso, levarán a cabo diferentes actuacións que poden adoptar un carácter simultáneo.

Adopción de medidas de carácter urgente.

Previa valoración e dirixidas a evitar a continuidade da situación, entre elas:

- Medidas inmediatas de apoio directo ao alumno afectado (víctima do acoso/intimidación).
- Revisión urgente da utilización de espazos e tempos do centro (mecanismos de control).
- Aplicación do R.R.I., se se estímase conveniente, tendo en conta a posible repercusión sobre a vítima.
- Segundo o caso, posta en coñecemento e denuncia da situación nas instancias correspondentes.

Posta en coñecemento. Comunicación a:

- As familias dos alumnos implicados (víctima e agresores).
- Equipo de profesores do alumno e outros profesores relacionados.
- Outro persoal do centro, se se estímase conveniente (por ej.: PAS).
- O inspector do centro, se se estímase conveniente.
- Outras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias e xudiciais) (segundo valoración inicial).

Apertura de expediente

Participan Equipo Directivo, Consello escolar, Departamento de Orientación, no seu caso, e titor, organizando a súa participación e presenza nas diferentes reunións. A documentación quedará depositada na Xefatura de Estudos e no Departamento de Orientación, no seu caso.

Estratexias e instrumentos facilitadores dun pronóstico inicial (de forma simultánea ás actuacións dos apartados anteriores).

- Recolleita de información de distintas fontes:

1. Documentación existente sobre os afectados.
2. Observación sistemática dos indicadores sinalados: espazos comúns do centro, en clase, en actividades complementarias e extraescolares.
3. Entrevistas e cuestionarios con: alumnos afectados (víctima e agresores, inclúe posibilidade de aplicación de probas sociométricas ou outras), familias de vítima e agresores, profesorado relacionado co caso e con outros alumnos e persoas, se se estímase conveniente, por ser observadores directos ou

porque a súa relevancia no centro permita a posibilidade de levar a cabo actuacións de apoio á vítima e de mediación no caso.

4. Medios para efectuar denuncias e reclamacións: teléfono, e-mail de axuda, web do centro (Nuntio), buzón de reclamacións e consello escolar ou outras creadas ao efecto.

- Coordinación con institucións e organismos externos (sanitarios, sociais, xudiciais), se procede, que poidan aportar información sobre o caso.

- Emisión de pronóstico inicial e liñas básicas de actuación (avaliación de necesidades e recursos).

- a. Reunión do equipo de profesores do grupo de alumno e doutros profesores afectados, coa participación do Xefe de Estudos e Departamento de Orientación, no seu caso, para analizar a información obtida, a posibilidade de solicitar outra nova e aportar ideas sobre as liñas básicas de actuación.

- b. Establecemento dun pronóstico inicial e das liñas básicas de actuación que determinarán o deseño do plan de actuación.

- c. Avaliación de necesidades e recursos: dos alumnos, de espazos e tempos de risco, de posibles medidas e a súa adecuación á situación, de recursos humanos e materiais dispoñibles e do reparto de responsabilidades.

Plan de actuación.

O Xefe de Estudos coordina a confección do documento.

1. Cos afectados directamente.

2. Actuacións cos alumnos:

- a. Coa vítima: Actuacións de apoio e protección expresa ou indirecta, programas e estratexias específicas de atención e apoio social, posible derivación a servizos externos (sociais ou sanitarios, ou a ambos).

- b. Con o/os agresor/es. Actuacións en relación coa aplicación do Regulamento de Réxime Interior (Equipo Directivo), programas e estratexias específicas de modificación de conduta e axuda persoal, posible derivación a servizos externos (sociais ou sanitarios, ou a ambos).

- c. Cos compañeiros máis directos dos afectados. Actuacións dirixidas á sensibilización e o apoio entre compañeiros.

3. Actuacións coas familias:

- a. Orientación sobre indicadores de detección e intervención. Pautas de actuación.

- b. Información sobre posibles apoios externos e outras actuacións de carácter externo.

c. Seguimiento do caso e coordinación de actuacións entre familia e centro.

4. Actuacións cos profesores

a. Orientación sobre indicadores de detección e intervención e pautas de actuación terapéutica.

5. Coa comunidade educativa.

- Actuacións no centro:

a. Cos alumnos. Dirixidas a: A sensibilización e prevención, a detección de posibles situacións e o apoio ás vítimas e a non tolerancia co acoso e a intimidación.

b. Cos profesores. Dirixidas a: a sensibilización, prevención e detección de posibles situacións, a formación no apoio ás vítimas e a non tolerancia co acoso e a intimidación e a atención ás súas familias.

c. Coas familias. Dirixidas a: A sensibilización, prevención e detección de posibles situacións, a formación no apoio ás vítimas e a non tolerancia co acoso e a intimidación.

- Con outras entidades e organismos.

a. Establecemento de mecanismos de colaboración e actuación conxunta con outras entidades e organismos que interveñan neste campo, nos casos en que se estime necesario.

Desenvolvemento, coordinación do plan de actuación.

O desenvolvemento do Plan de actuación será coordinado polo Equipo Directivo, que proverá os medios e recursos persoais necesarios, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación do centro e do titor do alumno.

Seguimento do plan de actuación.

1. Manteranse as reunións individuais que se estimen necesarias cos alumnos afectados, así como coas súas familias, valorando as medidas adoptadas e a modificación, no seu caso.

2. Considerarase a posibilidade de aplicar cuestionarios de recolleita de información.

3. O inspector do centro será informado, sempre que se considere oportuno, polo director, quedando constancia escrita de todas as actuacións desenvolvidas.

4. Á pechadura do caso, quedan en funcionamento as actuacións coa comunidade educativa e con outras entidades e organismos.

5. A transmisión de información das actuacións desenvolvidas, en caso de traslado dalgún ou algún dos alumnos afectados, estará suxeita ás normas de obligatoria confidencialidade e de apoio á normalización da escolaridade dos alumnos.

7.4- NON CONFIRMACIÓN DA EXISTENCIA DE COMPORTAMENTOS DE INTIMIDACIÓN E ACOSO ENTRE ALUMNOS. (BULLING)

Coordinados o xefe de estudos, os titores dos alumnos implicados, baixo o coñecemento do equipo directivo, e co apoio do Departamento de Orientación do centro, no seu caso, levarán a cabo diferentes actuacións que poden adoptar un carácter simultáneo.

Comunicación a:

- a. A familia do alumno afectado.
- b. Equipo de profesores do alumno e outros profesores afectados, se se estimase conveniente.
- c. Outras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias e xudiciais, se se informou con anterioridade da existencia de indicios).

Nos casos a e b a actuación lévaa a cabo o titor co apoio do Departamento de Orientación, no seu caso, e do Xefe de Estudos, se se estimase conveniente.

8.- AULA DE CONVIVENCIA.

A consellerías con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación do alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

8.1 OBXECTIVOS DE AULA

- Mellorar o clima de convivencia do Centro en todos os espazos escolares (aula, corredor, patio)
- Crear espazos novos para aprender a resolver os conflitos de xeito pacífico, reflexivo, dialogado e transformador.
- Educar para a vida, é dicir, para a integración satisfactoria na comunidade.
- Potenciar as relacións interpersonais de cada participante coa súa contorna social.
- Mellorar a conduta do alumno/a en cuestión.

8.2 CRITERIOS DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO

Terá un carácter inmediato no que o profesor ou profesores que o deriven o fagan no mesmo momento en que xurda o conflito. Neste caso seguiranse os seguintes criterios:

1. O número máximo de alumnos nunha mesma hora será de tres.
2. Motivos polos que se poderán derivar alumnos á aula de convivencia:
 - Pelexas e/ou ameazas entre compañeiros
 - Falta de respecto cara ao profesor ou cara aos seus propios compañeiros (insultos, enganar, burlas, malas contestacións, etc.)
 - Interromper constantemente a clase con comentarios alleos ao desenvolvemento da mesma.
 - Comportamentos homófobos, xenófobos, racistas, etc.
 - Procura intencionada da expulsión.
 - Aqueles alumnos que, coas súas condutas estean impedindo de forma grave o desenvolvemento das actividades lectivas e o exercicio do dereito ao ensino e aprendizaxe O alumno

non poderá abandonar a aula de Convivencia salvo no periodo de recreo que, en caso de non poder permanecer o profesor na dita aula, irá ás dependencias onde lle sexa indicado.

Non se enviarán casos nos que se poida resolver o conflito con actuacións dentro da aula.

8.3 CRITERIOS PEDAGÓGICOS

Os criterios pedagóxicos para a atención educativa do alumnado na aula de convivencia son:

- Compartir cos demais
- Rexeitar a violencia
- escoitar para atender e aprender
- Resolución de conflitos de forma pacífica

8.4 PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

O profesor que derive a un alumno deberá:

- 1- Cubrir o informe de envío á aula de convivencia. (Anexo I Aula de Convivencia).
- 2- Enviar cun traballo relacionado coa materia que se estea traballando nese momento, accesible para o alumno que vai saír. Dita tarefa será evaluable e poñerá en coñecemento do alumno derivado.
- 3- Cando estea realizando exames, ou algunha situación parecida, derivará ao alumno con tarefas da materia que considere oportuno o profesor.

O alumno que se derive deberá:

- 1- Cumprimentar a ficha de reflexión (anexo II Aula de Convivencia).
- 2- Realizar as tarefas encargadas polo profesor que o derivou.
- 3- Ao rematar a hora incorporárase á súa clase con normalidade. Se o periodo de permanencia na aula de convivencia é por tempo determinado, menor á duración da clase, unha vez transcorrido ese tempo tamén se incorporará á aula con normalidade.

O profesor da aula de convivencia deberá:

- 1- Comprobar o informe do profesor que o envía e rexistralo.
- 2- Explicar ao alumno a ficha de reflexión e axudarlle a cubrila.

- 3- Axudar, en caso necesario, nas tarefas encargadas polo profesor que o derivou.

Xefatura de Estudos:

Se a falta é grave, encargarase de recoller ao alumno na súa aula e levarao á Aula de Convivencia ou á Xefatura de Estudos.

8.5 PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN

- Por parte do profesor que o deriva ao A.C.

Informará ás familias do alumno e ao Titor do alumno.

- Por parte de Titor do alumno derivado ao A.C

Informará ao xefe de estudos daqueles alumnos que acudiron á aula de convivencia, durante que clases e cal foi o motivo.

- Por parte de Xefatura de Estudos

Tomará rexistro daqueles alumnos que acudan e o motivo. Dependendo da causa polo que sexan enviados, tomará as medidas sancionadoras pertinentes. Comunicaráselle dita resolución ao Titor, ao alumno e á familia deste.

8.6 HORARIO DE FUNCIONAMENTO DA AULA

- De luns a venres de 9:15 a 16:25. (Non se terá en conta nin aula aberta nin periodo de actividades extraescolares).

- Os alumnos non sairán da Aula antes de que soe o timbre de finalización do periodo lectivo.

- Cando finalice cada hora de permanencia na Aula, o profesor encargado será o responsable de que quede en perfecto estado de orde e limpeza.

8.7 CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DO PROFESOR Á AULA DE CONVIVENCIA

- Aqueles que voluntariamente se ofrezan a permanecer no seu tempo libre na aula de convivencia.

- Os asignados polo equipo directivo en función das necesidades do centro.

8.8 AVALIACIÓN

- Na reunión trimestral de coordinación de ciclo revisaranse aqueles alumnos que acoden á aula de convivencia, controlando as clases e o motivo polo que asisten.

- Ao final de curso, os profesores avaliarán a aula de Convivencia para tentar mellorar e introducir posibles modificacións.

9- DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

9.1. PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN

- Presentación do Plan a tódolos sectores da comunidade educativa: sesión de Claustro e Consello Escolar.
- Publicación na páxina web do centro.
- Información nas sesións de acollida.
- O obxectivo é que todos os membros da Comunidade Educativa coñezan, acepten e sexan partícipes da mellora da convivencia no centro.

9.2. PROCEDEMENTOS PARA O SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A considerar os seguintes aspectos:

- Grao de implantación e nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Actuacións realizadas e grao de participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Formación e asesoramento recibidos nesta materia pola comunidade educativa e recursos utilizados.
- Valoración dos resultados, conclusións, propostas de continuidade e de mellora para cursos sucesivos.

- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Comprobar e avaliar periodicamente a coherencia entre o Plan de Convivencia e o Regulamento de Réxime Interno.
- Documentación elaborada.

A necesaria revisión deberá poñer fincapé nas manifestacións e evidencias dos problemas, é dicir, onde, cando e con que frecuencia ocorren, quen son os grupos e persoas habitualmente implicadas, en qué casos se produce unha resposta dalgún tipo por parte do profesorado e con qué efectos ou cá é o papel das familias. Trátase de centrar a revisión nos feitos concretos, para evitar xeneralizacións improcedentes ou explicacións apresuradas acerca dos problemas e así mesmo reflectir todas as aportacións que xurdan como resultado de presentacións para a mellora da convivencia.

O seguimento do Plan de Convivencia corresponde á Comisión de Convivencia e se o precisa, terá o asesoramento do Departamento de Orientación, profesores- titor relacionado co tema e outros profesioanis segundo a problemática de que se trate. Así mesmo, os profesores implicaranse no desenvolvemento e execución das actividades e medidas contempladas no Plan de Convivencia.

A comisión de convivencia reunirase tres veces ao ano, é dicir, unha por trimestre no curso escolar, e, con carácter especial, en tantas ocasións como sexa necesario de para tratar asuntos relativos ás incidencias producidas e os resultados logrados en relación coa aplicación do Plan de Convivencia Escolar.

Igualmente, na reunión final elaborárase unha memoria na que se notificará os seguintes aspectos e que será entregada o consello escolar e o servizo territorial de Inspección Educativa:

1. Actuacións durante o ano: Reunións de carácter interno e asuntos tratados e actividades realizadas.
2. Incidencias producidas.
3. Procedementos de intervención cos comportamentos conflictivos: o conxunto de medidas previstas e aplicadas.
4. Análise e valoración da situación da convivencia no centro e proposta de mellora

10- Programación anual. Plan de convivencia

1. ELABORACIÓN DO PROGRAMA ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA E DESEÑO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PARA O CURSO

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
- Equipo Directivo. - Comisión da Convivencia. - Todo o profesorado.	- Proyecto.Curricular. - Plan de acción tutorial	- Reunións de titores. - Claustro.	Setembro.	- Programa anual. - Memoria final.

2. PLANS DE ACOLLIDA

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
- Equipo Directivo. - Departamento de Orientación. - Equipos Docentes. - Titores/as.	Documentos nos que se explicitanos diferentes plans de acollida.	- Dar a coñecer as características básicas do centro e fomentar a participación - Integrar e facilitar a adaptación.	1º Trimestre e ao longo de todo o curso.	- Memoria final. - Valoración de resultados. - Grao de satisfacción. - Correcta adaptación.

3. ACTUACIÓN COHERENTE DE TODO O PROFESORADO EN MATERIA DE CONVIVENCIA PARA EVITAR CONTRADICIÓNS QUE POIDAN CONFUNDIR AO ALUMNADO E PROPICIAR DIFERENTES COMPORTAMENTOS SEGUNDO O PROFESOR/A PRESENTE

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
- Equipo Directivo. - Todo o profesorado.	Normas de Convivencia.	- Claustro. - Reunións de titores - Debater sobre unificación de criterios para evitar ambigüidades e aplicación do exposto no Plan de Convivencia.	Todo o curso.	- Memoria final. - Grao de participación e satisfacción.

4. REUNIÓN COAS FAMILIAS AO COMEZO DE CURSO

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Titores/as.	• Reunión. • Vínculos de relación e información. • NUNTIO	• Reunión ao comezo de curso no que se darán a coñecer aspectos do funcionamento do centro, profesorado que imparte docencia, calendario, metodoloxía a desenvolver, obxectivos e criterios de avaliación.	• Mes de setembro/outubro.	• Valoración de asistencia • Memoria final de cada ciclo.

5. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Todo o profesorado, especificamente titores/as.	• Sesións de tutoría. • Reunións. • Nuntio	• Información ás familias da actitude do alumnado no desenvolvemento da xornada escolar, considerando tanto os aspectos positivos como os negativos da súa conduta. • Necesidade de manter a mesma liña de actuación centro-casa.	• Ao longo de todo o curso. • Recomendables unha por trimestre ou a petición da familia e/ou titor/a.	• Valorarase asistencia e grao de implicación da familia no proceso da aprendizaxe.

6. PRESENTACIÓN AO PRINCIPIO DE CURSO DO PLAN DE CONVIVENCIA E AS NORMAS DE CONVIVENCIA

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Equipo Directivo. • Comisión da Convivencia • Dpto. de Orientación. • Titores/as.	• Plan de Convivencia. • Normas de convivencia. • Páxina web. • R.R.I.	• Reunións informativas. • Sesións de tutoría.	• 1º trimestre.	• Memoria final.

7. ESTABLECEMENTO DUN CLIMA DE CLASE ADECUADO A PARTIR DA NEGOCIACIÓN DAS NORMAS DE CONVIVENCIA ENTRE O PROFESORADO E O ALUMNADO PARA FACILITAR O SEU COÑECEMENTO E QUE SEXAN ASUMIDAS POR TODOS

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Todo o profesorado.	• Normas de Convivencia deste Plan. • Estratexias para a mellora da convivencia.	• Tempos de tutoría. • Estableceranse de forma inequívoca os límites que separan as condutas aceptables das que non o son mediante un proceso de negociación a partires das normas mínimas. • Estas normas permanecerán visibles en carteis nas aulas. • Aprendizaxe cooperativa.	• Primeiros días de curso e seguimento ao longo do mesmo.	• Grao de participación e satisfacción.

8. ELECCIÓN DE DELEGADOS E DELEGADAS

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Tutores/as.	• Convocatoria de eleccións. • Papeletas...	• Sesións de tutoría.	• Outubro.	• Actas de votación. • Valoración final.

9. ACORDAR E DAR A COÑECER AS NORMAS DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS DE XOGO DURANTE OS RECREOS

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Equipo Directivo • Tutores • Profesorado.	• Reunións de tutores	• Reunión do claustro de profesores. para a organización dos espazos e normas a seguir.	• 1º trimestre.	• Memoria final. • Grao de satisfacción

10. FACILITAR A FORMACIÓN DO PROFESORADO EN ESTRATEXIAS DE RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Dpto. de Orientación. • Todo o profesorado.	• Plan de formación.	• No Dpto. de Orientación elaborárase unha selección dos cursos ofertados.	• Ao longo de todo o curso.	• Memoria final. • Grao de satisfacción

11. ASEMBLEAS DE CLASE PARA ANALIZAR A MARCHA DA CONVIVENCIA EN CADA GRUPO E PROPOR ACTUACIÓNS DE MELLORA E COMUNICACIÓN DAS CONCLUSIÓNS NAS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Xefatura de Estudos. • Dpto. de Orientación. • Titores/as.	• Cuestionarios • Sociogramas. • Habilidades sociais. • Debates.	• Sesións de tutoría. • Favorecer as relacións de convivencia. • Conclusións e Propostas de mellora.	• Cada trimestre.	• Conclusións por aulas. • Valoración final a través dunha reflexión colectiva.

12. CELEBRACIÓN DE DATAS SIGNIFICATIVAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA (Nadal, Día da Paz, Semana da Lectura, ...)

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Comisión da Convivencia. • Todo o centro. • Titores • Profesorado	• Os que se acorden no Observatorio da Convivencia. • Cadernos informativos. • Actos conxuntos. • Solta de pombas, globos, ...	• Recoñecer situacións de conflito e actuar de forma pacífica na súa resolución. • Actividades plásticas. • Coñecer, comprender e asimilar valores positivos. • Coñecer, comprender e asimilar aspectos culturais propios e doutras culturas.	• Todo o curso nas datas indicadas.	• Clima na aula. • Grao de participación e satisfacción. • Memoria final.

13. CONSTITUCIÓN DUN GRUPO DE MEDIADORES QUE ACTUARÍAN EN SITUACIÓNS DE CONFLITO ENTRE ALUMNOS/A

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Equipo Directivo. • Dpto. de Orientación. • Profesorado.	• Dpto. de Orientación. • Mediadores. • Material impreso.	• Elaboración dunha proposta inicial.	• Todo o curso.	• Memoria final.

14. FORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE ASPECTOS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA: ESTRATEXIAS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS, DETECCIÓN DE MALOS TRATOS ENTRE IGUAIS, ACOSO ...

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Equipo Directivo. • Dpto. de Orientación • Tutores/as	• Dpto. de Orientación.	• Encontros con pais e nais. • Tutorías	• Todo o curso.	• Memoria fina • Grao de participación e satisfacción.

17. COLABORAR COAS INICIATIVAS DO CONCELLO DE CULLEREDO E A CORUÑA: multiculturalidade, escola de pais e nais, encontros ...

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Equipo Directivo. • Concello de Culleredo e A Coruña.	• Instalacións. • Material impreso. • Saídas á localidade.	• Reunión preparatoria para a súa organización coordinada. • Abrir o centro á contorna.	• Ao longo de todo o curso.	• Memoria final

18. COLABORACIÓN CON ENTIDADES SOCIAIS/SERVIZOS SOCIAIS

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Equipo Directivo. • Concello de Culleredo e A Coruña. • ONGs.	• Instalacións. • Material impreso. • Charlas sobre integración ... • Saídas á localidade.	• Reunión preparatoria para a súa organización coordinada. • Coñecemento de novas realidades.	• Todo o curso.	• Memoria final.

19. MEDIDAS PARA INTEGRAR AO ALUMNADO REXEITADO

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Dpto. de Orientación. • Todo o profesorado. • Familias.	• Xogos. • Normas de Convivencia. • R.R.I.	• Mellorar a convivencia. • Educar en valores. • Favorecer actitudes de respecto cara aos demais e cara as características persoais de cada un.	• Ao longo de todo o curso e de forma específica cando xurda o conflito.	• Medidas adoptadas para que os alumnos/as se sintan integrados. • Valoración final da actividade. • Memoria final.

20. REFORZO DA AUTOESTIMA

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Dpto. de Orientación. • Equipos docentes. • Profesorado. • Familias.	• Xogos. • Sesións tutoriais. • Programas de reforzo positivo. • Dinámicas de grupo.	• Desenvolver unha autoestima positiva. • Valoración da nosa personalidade. • Expresar opinións e puntos de vista.	• Ao longo de todo o curso.	• Memoria final. • Grao de satisfacción. • Valoración a través da reflexión individual e colectiva.

21. ACTUACIÓN ANTE CASOS DE DISCRIMINACIÓN, AGRESIVIDADE, ACOSO, ...

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDIMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Dpto. de Orientación. • Profesorado especialista en problemas de conduta. • Todo o profesorado. • Familias.	• Plans individualizados de modificación de conduta. • Rexistro das condutas.	• Desenvolver medidas de intervención para solucionar os problemas e conflitos de forma non violenta. • Potenciar a cooperación e traballo coordinado entre os implicados. • Aplicación dos protocolos de actuación. • R.R.I.	• Ao longo de todo o curso e de forma específica cando xurda o conflito.	• Grao de diminución ou extinción das condutas. • Grao de benestar do alumno/a agredido e o da súa familia. • Eficacia do protocolo de actuación e medidas adoptadas. • Grao de colaboración das familias. • Memoria final.

22. DEBATE E REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDIMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
• Comisión da Convivencia Escolar. • Equipo directivo. • Dep. de Orientación • Tutores • Profesorado	• Plan de Convivencia.	• Se realizará un seguimento e análise do Plan, contrastando súa eficacia e modificando os aspectos necesarios.	• Todo o curso.	• Memoria final.

Anexos:

(Modelos de documentos para a aplicación do Plan de Convivencia do Colexio Rías Altas.
Estes modelos poderán verse modificados ao ser utilizados mediante plataforma informática)

MODELO 2 FOLLA DE INCIDENCIAS

INCIDENCIA DURANTE:

DATA:

ALUMNO:
PROFESOR:

CURSO:
MATERIA:

INCIDENCIA:

FDO.: PROFESOR

FDO.: ALUMNO.
(debe firmar unha vez é informado polo seu titor/a)

MODELO 4: FICHA DE ENVÍO A AULA DE APOIO.

DATA:	
DATOS DO ALUMNO:	
Apelidos	NOME
CURSO E GRUPO	
Apelidos	NOME
MATERIA	HORA
MOTIVOS POLOS QUE SE ENVÍA (Describe o sucedido da maneira máis clara e precisa posible):	
Apelidos	NOME
HORA:	

MODELO 7: MODELO DE ACTUACIÓN EDUCATIVO-PEDAGÓGICA RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUCTUAIS QUE DIFICULTAN GRAVEMENTE (FALTAS GRAVES E MOI GRAVES A CONVIVENCIA ESCOLAR -PLANTILLA DE ACTUACIÓN-

Alumno/a _____

Data:-----

1. TIPO DE INCIDENCIA E PERFIL PSICOLÓXICO

1.1. Categorizar o tipo de incidencia

1.2. Perfil psicológico

1.2.1. Anamnesis / Historial

1.2.2. Factores persoais

1.2.3. Factores psicopedagóxicos

1.2.4. Factores familiares

1.2.5. Factores escolares e académicos

1.2.6. Factores socioculturais

MODELO 6: MODELO DE ACTUACIÓN EDUCATIVO-PEDAGÓGICA RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUCTUAIS QUE DIFICULTAN LEVEMENTE (FALTAS LEVES) A CONVIVENCIA ESCOLAR - PLANTILLA DE ACTUACIÓN -

Alumno/a, _____ Data _____

1. INFORMACIÓN SOBRE O FEITO OU FEITOS ACAECIDOS

1.1. Descrición da conducta problemática.

1.2. Situación escolar na que aparece

1.3. Situación anterior á conducta descrita

1.4. Situación inmediatamente posterior á conducta descrita

1.5. Consecuencias ou reaccións inmediatas ás persoas próximas ante a conducta descrita

2. PRONÓSTICO INICIAL DA SITUACIÓN

2.1. Análise da conducta inadecuada

2.1.1. Ventaxas y desventaxas

2.1.2. Orixe e circunstancias

¿Como apareceu a conducta problemática?

En que circunstancias?

O alumno imita conductas de outras persoas? ¿De quen?

Aparecen causas biolóxicas, psicolóxicas ou ambientais?

3. PROPOSTA DE MEDIDAS E/OU ACTUACIÓNS

3.1. Individualizadas.

E. Recabar as opinións de o/a alumno/a acerca da súa propia conducta.

F. Establecer un plan de modificación de conducta.

A. Coordinarse coa familia.

H. Seguimento dos cambios de conducta.

3.2. Colectivas

C. Identificar a situación tipo.

D. Establecer un plan de modificación de conducta.

4. COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

C. Entrevista coa familia para coordinar e xuntar esforzos educativos.

D. Seguimiento ao alumno e nova entrevista coa familia se se considera necesaria.

MODELO 7: MODELO DE ACTUACIÓN EDUCATIVO-PEDAGÓGICA RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUCTUAIS QUE DIFICULTAN GRAVEMENTE (FALTAS GRAVES E MOI GRAVES A CONVIVENCIA ESCOLAR -PLANTILLA DE ACTUACIÓN-

Alumno/a _____

Data:-----

1. TIPO DE INCIDENCIA E PERFIL PSICOLÓXICO

1.1. Categorizar o tipo de incidencia

1.2. Perfil psicológico

1.2.1. Anamnesis / Historial

1.2.2. Factores persoais

1.2.3. Factores psicopedagógicos

1.2.4. Factores familiares

1.2.5. Factores escolares e académicos

1.2.6. Factores socioculturais

1.2. 7. Problemática principal asociada

2. MEDIDAS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA

2.1. Incluidas no Plan de Acción Titorlal

2.2. Incluidas no Plan de Atención á Diversidad

2.3. Talleres específicos

2.4. Outras medidas de apoio e colaboración exterior ao Centro

3. INFORME INDIVIDUALIZADO

4. INFORMACIÓN PAIS/NAIS OU TITORES/AS

MODELO 6: MODELO DE ACTUACIÓN EDUCATIVO-PEDAGÓGICA ANTE SITUACIONES DE POSIBLE ACOSO ESCOLAR O BULLYING - PLANTILLA -

- Según las pautas dadas en cada punto se concretarán las características peculiares de cada caso particular.

Nome (víctima) _____ Data _____

Nome (agresor/es) _____

1. ACTUACIONES INMEDIATAS DE CARÁCTER URXENTE

2.5. Conocimiento da situación e comunicación inicial o Equipo Directivo

2.6. Valoración inicial e primeiras medidas.

3. ACTUACIONES POSTERIORES NO CASO DE QUE SE CONFIRME A EXISTENCIA DE COMPORTAMENTOS DE INTIMIDACIÓN E ACOSO ENTRE ALUMNOS/AS

As actuacións coordinadas polo Equipo Directivo, co apoio do orientador/a do Centro ou similar, no caso, e o/a tutor/a do/ da alumno/a, e que podan adoptarse con carácter simultáneo, son as seguintes:

3.1. Adopción de medidas de carácter urgente

3.2. Comunicación da situación